

teima

REVISTA GALEGA DE INFORMACION XERAL

Corenta pesetas

Informe Euzkadi
Unha semana de terror

Mozos

Non poderán votar


Conversa

**Luis Soto: marxismo
e nacionalismo
en Galicia**

Crónica política

**Os patróns, coma
no franquismo**

Milleiros de galegos como vostede están lendo este anuncio.



Milleiros de galegos que comparten con vostede unha inquietudanza polos problemas e o futuro do seu país.

Milleiros de homes que constitúen si dúbida ningunha o sector máis conciencizado do noso pobo... Por eso, cando vostede decide anunciarse en TEIMA non está a facer un gasto sen outra contrapartida que a satisfacción persoal de apoiar unha causa.

Está a facer a inversión máis ren-

tábel prá súa empresa:
a publicidade.

¿Interésalle dar a coñocer os seus produtos?

¿Quere millorar a súa imaxe empresarial?

TEIMA ofrécelle un canle. Non o desaproveite.

As nosas tarifas e condicións de inserción serán pra vostede un motivo de agradable sorpresa. Pídaas á súa axencia habitual ou ó noso Departamento de Publicidad. Rúa do Hórreo, 94 Santiago.

teima
REVISTA GALEGA DE INFORMACION XERAL



Portada de VILASO

pola nosa banda

Música celestial

Votar, votar, votar... Pra milleiros de galegos estas palabras soan, claro, a música celestial. A gargallada. Pra milleiros de galegos, prós «menores en idade», as eleccións soan desafinadas, apampanados moitos diante do festival namentres os mesmos que os marxinaron falan deles na electoral. Diante deles, mocidade galega, por decreto século tras século artellóuse un xigantesco valado de pedras mudas, pedras cegas... Mocidade do silencio, nace sempre pra se converter na máis codiciada carne da emigración e do traballo; poucos dereitos, infindos deberes prá xuventude. Frustracións interminabeis, neste país, os intransixentes sono prós que lles presta e cando lles ven en gana. A intransixencia e as máis encaixonadas leis non teñen, nesta terra, normas e limitacións no que se refire á idade: ós dazaséis, dazasete, dazaoito anos... calquera labrego ou o máis novo aprendiz de mariñeiro está dabondo capacitado prá emigración. A pena de morte, a cadea, as máis fortes e sistemáticas represións, todo, todo, non atopan na idade límite ningún que se afinque pra deter —nin polo máis livián instante— á máis cega intransixencia dos gobernantes. Dazaoito anos, hoxe, sono todo e non son nada: os riscos máis graves da sociedade pesan enriba da mocidade; as esperanzas máis fondas, tamén; nembargantes, á hora das eleccións, a súa voz é un berro xordo, os seus ollos a cegueira... Por decreto. E, por decreto, o máis cativo paso novo, a máis calada respiración, o mínimo pensamento... estálle vedade a xuventude. Dos desmans de moitos vellos entolecidos tería que pedir contas a mocidade. Exemplo de vida, precozmente amortallado, o mundo da mocidade tería moito do que falar. Votar, votar, votar... Pra milleiros de galegos estas palabras soan, vaia, a música celestial. A gargallada. Dazaoito anos, día a día, abundan pra esixir: ¡Dereito ó voto prá xuventude! ¿Cándo aprenderemos? Daquela, a esperanza. De momento, as eleccións, un enterro disfrazado e gaitas de carnaval.

4 CADA SEMA

- Crónica política
- As tortas da UPG
- Balazos na Ascensión

8 OS EIDOS

- Pesca

10 INFORME

- A Mocidade Galega

14 SUCEDE NO PAIS

- Forzas políticas: PCG, PTE e UPG

17 CONVERSA

- Luis Soto: O PC non se aclara

20 POBOS IBERICOS

- Crónica de Euzkadi

28 FIADEIRO

30 CULTURA

teima

Edita a Sociedade Galega de Publicación.

Director: Anxel Vence Lois

Xefe de Redacción: Antón López Mariño.

Reportaxes: Perfecto Conde Muruais.

Entrevistas: Xavier Navaza Blanco.

Cultura: Luis Alvarez Pousa.

Información do estado e do mundo: Xosé M. García Palmeiro.

Redacción na Coruña: Manuel Rivas, Xosel Vilela.

Redacción en Vigo: Víctor Fernández Freixanes.

Colaboran: Guillermo Campos (Pontevedra), Xosé Platero e Alfonso Sánchez Izquierdo (Ourense), Xosé R. Vilamor (Ferrol) e Xulio Xiz (Lugo)

Prestan a súa asesoría: Carlos Casares, Salvador García Bodaño, Xosé Manteiga (Cultura), Enrique Aller, Fernando M. Randulfe (Dereito Laboral), Ramón Barral, Xan L. Facal, X. M. Beiras, Xoan Rous, Xesús Vega (Economía), Valentín Arias, Xurxo Torres, X. M. Espino (Ensinio), Aldexandre P. Camacho, Xoan X. González, Xosé M. Cabanas (Ecoloxía), Francisco Carballo, Xosé M. Santalla, Alfonso Magariños, X. Chao Rego (Igrexa), Xosé Marplá, X. M. López Nogueira, Santiago Lamas, F. X. Yuste

(Medicina). Equipo Trasmallo, Domingo Quiroga (Pesca). Mario Orxales, Xan Bouzada, Xosé P. Vilariño, Daniel Pino, Ricardo Palmás (Socioloxía). César Portela, X. L. Martínez, X. Bar Boo (Arquitectura-Urbanismo). Ceferino Díaz, Claudio L. Garrido, A. Pousa Antelo (Campo)

Traballan connosco as axencias: Europa Press (Madrid), Zardoya, (Barcelona), Keystone-Nemes (París) e Prensa Latina (Habana)

Enviánnos información do Estado e do mundo: Arturo Ruibal, (Madrid). Carlos Porto (Lisboa). Xavier Costa Clavell, Ramón Clemente (Cataluña). Gregorio Gálvez (Euzkadi). A. Ramos Espejo (Andalucía). Equipo Andalan (Aragón). Vicent Ventura (País Valenciá). Equipo Cort (Balears). Ramón Luis Chao (París). F. Pérez-Barreiro (Londres). Domingo Fernández (Buenos Aires). Emilia Vázquez (Santiago de Chile). Baldomero Cores (Puerto Rico). Fernando Pereira (Montevideo).

Fotografía: Manuel Yáñez

Dibuxan: Siro, López, Xaquín Marín, Xosé Loquis.

Cartografía: Mario L. Rico

Confecciona e fai as portadas: Xosé M^a G. Vilasó

Supervisan o idioma con normas provisórias: Rosario Alvarez Blanco e Francisco Fernández Rei

Xerente: Carlos Vázquez

Xefe de Publicidade: Xosé M. Rodríguez Iglesias

TEIMA imprímese no prelo comercial de «La Voz de Galicia, S.A.» Rúa de Concepción Arenal, 9 e 13, na Coruña

Os nosos distribuidores:

A Coruña: Distribuidora «Henche» (207020)

Lugo: «Carvela» (215069)

Ourense: «Eudosa Castro» (224349)

Pontevedra: «Cao» (855374)

Vigo: «Distribuidora Viguesa de Publicacións» (414570)/

Ferrol: «Velo» (357707)

Santiago: «Prensa Nacional» (583456)

(Cada unha das distribuidoras cubre a súa respectiva bisbarra ou área metropolitana de influencia)

Redacción Central: Rúa do Hórreo, 94, Entrechán-D. Santiago de Compostela

Teléfonos: 596741-593879 (Prefixo 981)

Apartado de Correos nº 448

Depósito legal: C-649-1976. Solicitárase o control de O.J.D.

Coma na caza, na política está a pasa-lo mesmo: unha cousa é a veda legal e outra o que os cazadores fan pola súa conta. Abríuse, nesta semana pasada, a veda da campaña electoral, pro case tódolos partidos xa dispararan un bo molete de tiros e algún xa tiña as contas feitas das lebres cazadas —léase, votos conquistados—. No medio de tanto furtivo, o Movemento Comunista de Galicia xogou a baza do cazador puro e legal e protestou porque outros cazadores xa tiveran coutos e munições —valados e locais gratis, ofrecidos polos axuntamentos— e pedúlles que repartiran eses privilexios entre todos, proposición que ningún tomou moi en serio. De tódolos xeitos, serían os ecolóxicos, os que estiveron fóra da campaña electoral, quen mandarían na semana: furtivos e legais, tódolos cazadores recibirían duras e rotundas críticas polo abandono no que deixaron ás mesmas pezas que pretenden afiliar.

Crónica política

Os patróns, coma no franquismo

AS ELECCIONS

Pola dereita, Unión de Centro Democrático e Alianza Popular van a por todas e tiran xa a cañonazo limpo. Disque será UCD quen levará maior número de votos; sen mobilizacións na rúa, cuns candidatos mediocres e descoñecidos, estánlle sacando un lucro doente ó señor presidente, Adolfo Suárez, e máis a unha xigantesca campaña publicitaria. A. P. quere pasar por ser un partido moi popular e monta comicios a esgalla. Entre que Fraga e máilos seus compañeiros son de por si un pouco brutiños e a crispación que lles meten no corpo os esquerdistas, os de Alianza están levando rematadamente mal a súa campaña: falan sempre de orde e de rematar cos paros e folgas e, nembargantes, non hai comicio no que non dean unha imaxe case de gansters. De fiármonos destes datos, non levarían moitos votos, pro hai amplias zonas de Lugo e Pontevedra e aínda Coruña nas que os homes de Fraga ten un poder absoluto.

Pola esquerda, PSOE e PSPG tratan de suplir a súa escasa presenza nesta terra con moitísima propaganda, moito comicio e moita frase «socialismo en liberdade» ou «socialismos responsábel», slogans de grande forza e atractivo. Mentres, o Partido Comunista de Galicia traballa a marchas forzadas pra desbota-la imaxe que del vendeu a ditadura, traballo no que os seus militantes están deixando tantos cartos coma pel. Polo de agora, non é doado ve-lo froito desta campaña, anque si é certo que, prás próximas eleccións, o Partido terá xa montada unha das milliores infraestruturas electorais e atoparáse cuns terreos moi ben abonados. Prós trotskistas do Frente pra Unidade dos Traballadores, coma prós maoístas do Frente Democrático de Esquerdas e máila Organización Revolucionaria dos Traballadores o mesmo feito de par-

ticipar é xa un grande éxito: terán dereito a valados e locais públicos, os milliores e máis masivos medios cos que ndexamáis contaron pra espallalas súas doutrinas.

O que, de momento, non está nada claro é a rentabilidade que sacarán das eleccións o Partido Socialista Galego e máilo Bloque Nacional-Popular Galego. O PSG, con moi poucos cartos, tampouco parece moi imaxinativo nin moi decidido á hora de saír a rúa, confiando todo o seu éxito á forza do nome do seu home máis importante. O Bloque, tamén moi escaso de medios, confía nas plataformas legais de que disporá e na implantación que as últimas loitas populares lle deron nalgunha zona galega.

AS LOITAS OBREIRAS

Mentres tódolos partidos de esquerdas viven e desvívense polas eleccións, os obreiros en folga falan duramente das centráis sindicais. «Despóis de case dous meses de folga, despóis de dous días pechados nunha igrexa —afirma «A Pasionaria», obreira de «Kelsa» e unha das militantes máis queridas da Coruña—, as centráis todas quixéronnos converter nos «nenos bonitos e mimados» da loita proletaria. O caso é que, tralos dous meses que levamos resistindo en solitario, xa non sei se será un pouco tarde pra vir a enterarse do noso problema».

Mentres os partidos de esquerda vívense e desvívense polas eleccións, os patróns botan man dos milliores métodos que tiñan cando aquilo do franquismo. Os eñores donos de «Kelsa» —dos que é abogado don Ramón País Ferrín, presidente do Partido Demócrata Galego—, despóis de avanzar por riba da lei, por riba do delegado provincial de Traballo, despóis de avanzar por riba de numerosas ofertas de negociación dos obreiros, despediron ós 57 folguistas da empresa. Nese mesmo día, nunha descarnada e

salvaxe provocación, publicaban anuncios na prensa pedindo traballadores e ofrecendo millores salarios cós esixidos polos folguistas.

Os patróns do transporte —un dos sectores que máis sona de mafioso gañou no franquismo— lanzáronse nunha guerra total cos coruñeses e, aínda, coas autoridades. O enfrentamento ven de vello: xa antes da suba do transporte, publicáranse notas na prensa ameazando cunha folga de condutores, noticias que aproveitaron pra ir a Madrid e pedir que os aumentos foran ó seu acomodo. Non foi tal e, entón, pretenderon impoñer tarifas ilegais —máis altas do que autorizara o Consello de Ministros—, cousa pola que non pasaron as Asociacións de Veciños, que resistían perfectamente organizadas. «Cansos de non poder coas nosas AA.VV. e co pretexito dalgúns apedreamentos e outros navallazos nos sillóns, levaron ó horto ós condutores: fixeronlles declara-la folga, mentres non lles poñan policía en cada autobús. ¿Ti viche algunha vez cousa igual?: que en pouquiñas horas os condutores, un movemento reivindicativo novo e pouco combativo, logran coordinar e parar todo o transporte da Coruña é cousa que me cheira moi mal, pro que moi mal. Tampouco endexamáis vin eu que un obreiro en folga deixara en mans do patrón as negociacións e, neste caso, quen falaba co delegado de Transportes eran os patróns».

Hai un feito polo que se pode seguir ben quen move os ffos da folga: o día da folga de autobuses, mentres estaban reunidos patróns e delegado, deuse o aviso de reanuda-lo servicio nunha hora e ó precio que marca a lei. Non se reanudou o servicio e, dalí a pouco, os donos das empresas safan nun «jeep» cara á comisaría.

RESISTENCIA PASIVA

Un pacifista e métodos de loita popularizados polos non violentos cubrirían as outras páxinas da resistencia da semana.

Seis militantes do MCG — candidatos todos

AGORA, HABERA QUE AGARDAR TRES ANOS



LOBATO

eles ó Congreso de Diputados por tal partido— atáronse con cadeas ós bancos do paseo do Cantón Grande, na Coruña. Protestaban pola negativa do goberno Suárez á súa legalización, feito que, nunha pancarta colgada dos cables da luz en Santiago, ó ser un partido socialista e nacionalista. Os catro homes e as dúas mulleres estiveron atados 45 minutos, nos que explicaban á xente as razóns do acto. Explicarlle estas mesmas causas á policía —que foi no que se basou o interrogatorio— levarfalles 90 minutos. Polo que parece, tiña día escrupuloso a policía, xa que, hastra que director e fotógrafo de «La Voz de Galicia» advertiron que non entregarían os carretes sen mandamento xudicial, os axentes non pararon de insistir na entrega dos negativos.

Xosé Manuel Guede é mestre interino no colexio nacional de Tomiño (Pontevedra e quixo levar adiante unha postura solidaria cos seus compañeiros que andan a negociar no ministerio de Educación as súas reivindicacións profesionais. Non atopou moito apoio por Pontevedra o mestre de Tomiño, así que foise pró seu colexio, pechouse e declarouse en folga de fame. Di Xosé Manuel que os dereitos que reclaman son tan elementais que «seguro, seguro, hastra os parias da India os teñen». Os mestres interinos piden do ministerio seguro de emprego, que non ten; piden que a xubilación se lles pague. Esixen, tamén, estabilidade no traballo e que, por favor, o ministerio aumente as plantillas de ensinantes.

Maio foi un mes no que os obxectores de conciencia levaron adiante unha dura loita polo dereito ó servizo civil e máis pola liberación dos compañeiros detidos. Xusto, neste mes, Manuel Escariz Magariños, o único obxector galego en prisión, acaba de ser condenado a tres anos e un día de prisión. Atrás queda, sen forza e morrendo no aire, un ano agardando xuício, os moitos obxectores detidos por pedi-la súa amnistía e, aínda, unha moi recente folga de fame de dúas semanas do propio Magariños.



UPG

Os «coronéis» e a dialéctica dos puños



P. CONDE

O que tiña que pasar, pasou. Anunciárase antes en Vigo e na Coruña nas labazadas intercambiadas entre militantes das dúas ramas da Unión do Pobo Galego ó tratar unha de colgar cartéis preconizando a abstención electoral e a outra de arricalos.

Falaban na Facultade de Económicas de Santiago, Luis Soto, cofundador da UPG, exiliado político en Latinoamérica, perseiro do galeguismo de esquerdas; Manuel Pousada, economista, e Ramón González Costas, obreiro de Vigo que se ten destacado nas loitas dos traballadores daquela cidade. Todo foi moi ben hastra que remataron de falar os conferenciantes. Soto foi especialmente aplaudido nalgunha pasaxe da súa disertación e gustou a todo quisque, máis ou menos a pesares do paternalismo co que falou ós estudantes («Tendes que estudar, meus amigos, meditar, coñecer, e deixádevos de insultar»).

Pousada, o máis estritamente político dos tres, defendeu o progrma da ANPG e dixo que Galicia necesita un partido comunista galego, nacionalista, e que ese partido existe xa e chámase a UPG. Non especificou a cal das dúas ramas se refería.

Cando remataron os razonamentos empezaron as labazadas. Unha rapaza dos disidentes tentou de vende-lo *Terra e Tempo* escindido á porta da aula. Un fato de rapaces botouse derriba dela e arreáronlle mentres outros lle quitaban tódolos exemplares da revista rachándoos alí mesmo. De súpeto, aquilo convertíuse nunha verdadeira batalla entre dous bandos que pele-

xaban con toda a raiba do mundo. Saltaron polos aires cristáis dos lentes, ouvíronse gritos e laios entre as mulleres e ninguén acertaba a explicalo sucedido. Rapaces doutros partidos (PSG, MCG, PCG) situáronse a carón dos agredidos (os escindidos da «U») en actitude de expectante defensa deles, o que sería despois saudado con gratitude polos afectados. Houbo xente que, inicialmente, pensou que se trataba dunha agresión da extrema dereita e que logo, ó coñece-la verdade, non saía do seu asombro.

«Foi unha provocación que xa nos teñen feito antes de agora na Coruña e en Vigo —declarou a TEIMA un escindido—. Arrincáronnos tódolos cartéis que puxemos anunciando esta conferencia e mesmo chegaron a provocarnos a algún de nós relevantes «coronéis» facendo a ostentación de rachar cartéis diante nosa. Aquí o que fixeron foi delirante».

Pola súa banda, un «oficial» da UPG non paraba de berrar mentres daba labazadas que «non tedes dereito a utiliza-lo nome do partido nin o do seu voceiro». «Vós non sodes —berraba histórico— da UPG, o que sodes é traidores».

Luis Soto saía da aula despois dun breve coloquio sorprendido. «Non sei moi ben o que pasou aquí —comentáralle a un redactor de TEIMA— pro dende logo estas provocacións son intolerables. Dáme pena porque, polo demáis, o acto estivo moi ben e foi moi bonito. A min produciume fonda emoción falar aquí diante dos rapaces que estudian en Santiago. Se cadra xa non teño máis ocasión de volver a falarlles».

cada semá

Ascensión en Santiago

Costóu un ollo da cara

En Santiago, capital galega pra non poucos, estáse a piques de crear unha verdadeira situación de medo diante das, moitas veces, inxustificadas cargas das forzas da *Policía Armada*. Non sempre xustificadas e violentísimas, sen previo aviso, as cargas de *Orden Público* proliferan en Santiago con gran dureza. Calquera, o máis desavisado cidadán, pode se-la vítima.

As tradiciónais festas da Ascensión foron a proba última dunha situación que ameaza con desquiciarse sobor das testas e do lombo dos máis inxenuos paseantes. Dous mozos, moi lonxe os dous da máis mínima actividade política ou «subversiva» no intre das agresións, moi novos os dous, son exemplo de actualidade. Dramática actualidade santiaguesa na que se ven implicadas tranquilas familias.



Logo dos feridos:
A MOCEDADE CONTRA DAS BALAS

«DISPARA, PACO»

«Estabamos falando e nin os oín chegar. Soóu o disparo, lémbro, pro cando me quíxen decatarse xa tiña a bala enriba. Caín ó chan e alí estiven uns segundos, sangrando. Logo, púxenme de pé, cos ollos pechados, e agarréime a unha parede. Escondinme nun bar dalí mesmo, onde me limparon os ollos un pouco. Cando me dixeron que a policía xa se marchara, saín... Despois, nun taxi, leváronme ó Hospital. A xente miraba pra min anonadada, sangrando como fa...»

Andrés Sánchez-Biedma, dazaséis anos, exemplar estudante do colexio Peleteiro (sobresaínte en COU), no intre da enorme explosión que lle desfixo o ollo dereito tras do disparo dunha bala de goma pola Policía Armada, agardaba xunto doutros amigos a chegada dun compañeiro. Eran festas da Ascensión, ás nove e media do serán, e tiñan pensado tomar unhas tazas pola Algalía. Nunca farían tal cousa: «Dispara, Paco», dírfalle un policía a outro. A tres metros de distancia, baixo da bala, o ollo de Andrés desfacíase en sangue.

A TIROS NO TIOVIVO

Horas despois, Santiago era unha festa hastra altas horas da madrugada, un grupo de mozos e mozas saía dunha coñecida discoteca da cidade. Cantando, nun 124 puxéronse en camiño cara ás barracas da Alameda. «Estabamos Rosa e máis eu —diría, na súa cama do Hospital Xeral de Galicia, Concepción Bermúdez de Castro (dazaoito anos, estudante de primeiro curso de Dereito) a esta revista— na taquilla mercando os boletos do tiovivo. Nunca puidemos facer, logo, tal cousa. De golpe, apagáronse as luces das barracas e a *Policía Armada*, chegando de improviso, escomezou a mallar na xente».

«En canto puidemos, asustados todos —continúa Concepción—, achegámonos ó 124 agardando que chegara o que tiña as chaves pra escapar dalí... Apoiéime, os grises xa marcharan, no coche. Despois, de repente, chegaron de novo, esta vez disparando. Eu volví a testa pra mirar qué pasaba... A testa estralóume. Xa non me

Andrés:
«Cando me decatéi estaba no chan, sangrando...»



LOQUIS

lembro de máis nada». Os compañeiros de Concepción collérona, correndo, e na escapada pasaron por diante do cuartel das *Forzas de Orden Público*. Ninguén lles botaría unha man, Concha sangrando abundantemente, e terían que agardar a que outros mozos, nun coche matrícula de Madrid, accederan a levala ó Hospital.

OS TRINTA METROS

Os pais de Concepción Bermúdez de Castro presentaron denuncia diante do atentado contra da súa filla e, no intre de redactar estas liñas, os pais de Andrés escomezan os trámites dunha nova denuncia. Andrés, operado de estrabismo ós tres anos no ollo que agora ten libre, agarda impaciente o diagnóstico final dos especialistas. As posibilidades de que recupere o ollo baleado pola policía son mínimas. De que recupere a vista, practicamente nulas.

Santiago celebraba as Festas da Ascensión. «E unha festa tradicional —dixo a TEIMA o pai de Concepción— na que nosoutros, os pais, podemos perfectamente permitirles ós nosos fillos que a celebren como todo o mundo». Calquera santiagués, por outra banda, aquela noite podía observar cómo as rúas camiñaban cheas de xente na Ascensión. Os disparos da policía, materialmente incontrolabeis. As medidas de «seguridade» policiáis falan de trinta metros mínimos pró disparo de balas de goma. Sempre, teiman as ordenanzas, sobor do corpo. Nunca na testa. Andrés Sánchez-Biedma perdía o seu ollo a tres metros.

cada semá

Samos

O colexio costa un corte de mangas

Mentres en Samos e por culpa das aulas pra un colexio, veciños e frades están moi enfrentados de noso señor, en Lugo-capital e por culpa de Fingoy, as autoridades —que levaban un tempo sen merecer moita confianza dos veciños— parece que queren facer algo

XULIO XIZ informa

Un rotundo corte de mangas fixéronlle-los de Samos ós frades do mosteiro: non van á súa misa nin queren relación e trato ningún con quen non os axudó na percura dun colexio prós seus rapaces.

A cousa ven de cando os pais, sen locáis axeitados onde lle dar clase ós seus fillos, foron xunto ós frades bieitos de Samos pra que lles cederan algunha dependencia do maxestuoso edificio pra alberga-las dependencias do colexio. Confiaban que contaría ó seu favor a tradición cultural do mosteiro, verdadeira lumeira en tempos idos, e que aínda hoxe conserva o prestixio

de séculos. Pro, os frades, contra todo pronóstico e logo de se xuntar a deliberar e vota-la petición de cesión, dixeron que *non*.

Agora os pais dos nenos andan á percura de locáis onde mete-los seus rapaces. Parece seguro que en Samos atoparán lugares; o que xa non está tan seguro e que ese local sexa o máis axeitado prá escolarización dos nenos.

ESPERANZA PRA «FINGOY»

Disque as autoridades de Lugo lles van mete-lo dente ós problemas de «Fingoy», máis

coñecido polo *barrio das cousas de nunca acabar*.

Despóis de dous anos esperando polo teléfono, o tendido vaise instalar no polígono. Curioso resulta que neste tempo non se fixera nada porque, dende sempre, a Telefónica opoñíase a canalización subterránea polos seus elevados custos, mentres que o ministerio da Vivenda non quería condución aérea xa que estropearía a estética do barrio. Prós veciños, a solución estaba clara: tendido por baixo terra pro ó cargo do estado. Agora resulta que a espera foi en balde: será polo aire, tal coma a CTNE quixo dende o principio.

Máis curioso resulta aínda o asunto dos viales do polígono. Acordada polo Consello de Ministros do 24 de marzo unha declaración de urxencia pra ocupar terreos pra viales, foi tramitada con tan pouca urxencia que tardóu case dous meses en aparecer no BOE. Este problema das rúas ven de cando —tras sete e oito anos sen facerse nada no proxecto do polígono residencial de Fingoy— comenzaron a subir, cara ó ceo, as torres de pisos —algunha hai, din que, por recomendación, quedóu en dous ou tres pisos— sen estar planificada en absoluto a súa urbanización. As rúas feitas ó principio non valeron pra nada: sen soportar tráfico siquera foron derrubándose sobre si mesmas, foron desaparecendo do mapa. E agora, hai que facelas de novo.

«A Caixa de Vigo» é a primeira entidade de creto e aforro na provincia de Pontevedra



E, SI SE PARA A PENSALO,
NON E NINGUNHA SORPRESA PORQUE...



Ten **MAIS**
contas de aforro:
670.000
imponentes

Custodia **MAIS**
depósitos de aforro:
33.000
millóns

Concede **MAIS**
cretos e inversións:
32.000
millóns

Sostén **MAIS**
obras sociáis, con
250 millóns
de custo anual



Caja de Ahorro Municipal de Vigo

Autorizado por el B. de E. en 24/2/1977



Ollada á pesca galega

FERNANDO GONZALES LAXE

Galicia é un país pesqueiro. Dende A Guardia, desembocadura do río Miño, deica Ribadeo, a pluralidade de portos existentes configuran o que chamámo-la xeografía costeira galega.

Se na Galicia interior as actividades principáis dos traballadores son o agro e a gandeiría, convírtíndose os homes galegos en labregos e gandeiros, ou simbióticamente nas dúas profesións; na Galicia costeira, as tarefas que se desenrolan primordialmente son as mareiras. Abranguen estas actividades a extracción e venda dos recursos do mar, é dicir, o marisqueo e a pesca, anque non desbotámo-la pluralidade de traballos na familia como célula vital do sistema económico galego.

A pesca galega está sometida como integrante da formación social galega a unha serie de características estruturais que poden sintetizarse nunhas concepcións que en-

globan os xeitos de vida galegos, os hábitos propios da pesca galega e os factores culturais, como a lingua dos nosos mariñeiros. Estas notas adicionais á pesquería do noso País veñen a completar outras definicións que logo explicaremos.

Deste xeito, a diferenciación da pesquería galega doutras pesquerías do mundo e máis do Estado español, supón a necesidade de estar axeitada ás características da nosa formación social á hora de facer uns plans de actuación.

O sistema produtivo da pesca galega abrangue tódolos procesos de produción feitos polas embarcacións baixo determinadas relacións de produción. Estes procesos de produción refléxanse na pesquería galega. Deste xeito compre diferenciar segundo os diferentes procesos de produción a clasificación que adoptan as formas de pesca. De todos é sabido que a pesca ten moitas formas de traballo que veñen definidas polas unidades de produción: embarcacións, artes de pesca, estrutura da empresa, especies a capturar, proceso de traballo, etc.

Así podemos observar que coexisten na pesca galega embarcacións que se adican ós trasmallos, palangres, cercos, arrastreiros, conxeladores, bacaladeiros, etc., entre as formas máis importantes. Esta clasificación ven a diferenciar as posibles formas da actuación que prá pesca galega teñen que adoptar os mariñeiros, os técnicos, pra ordena-la pesquería do País.

Máis agora é necesario, xa que

logo, facer unha clasificación que oriente, e que non confunda, coma pode estruturarse a pesca galega dentro do marco da formación social galega. Dixemos, denantes, que coexisten varias formas de pesca, máis segundo os niveis económico, xurídico-político e ideolóxico, pódense clasificar segundo os modos de produción: as chamadas formas de produción precapitalistas e o modo de produción capitalista.

Características das formas de produción na pesca galega

M.P.P.

M.P.C.

Propiedade dos medios de produción

- | | |
|---|---|
| <ul style="list-style-type: none"> — Empresa familiar, carácter artesanal. — Moitos donos pra unha embarcación. — A propiedade non significa unha dominación sobre os traballadores. | <ul style="list-style-type: none"> — Empresa capitalista, perfectamente organizada. — Concentración das empresas nos grupos de poder económico. — A propiedade supón unha marca de dominación. |
|---|---|

Produción de mercancías

- | | |
|--|---|
| <ul style="list-style-type: none"> — Produción simple de mercancías. — O excedente non é acumulábel. | <ul style="list-style-type: none"> — Produción ampliada de mercancías. — O excedente é reproducíbel e acumulábel. |
|--|---|

Móvil da actividade económica

- Satisfacción das necesidades.
- Inexistencia de lucro.
- Carácter de subsistencia.
- Incrementa-lo beneficio.
- Aumenta-lo lucro polos propietarios.
- Amplia-las ganancias.

Sistema de remuneración

- Remuneración á parte (Porcentaxe da pesca).
- Os mariñeiros asumen os riscos da empresa.
- Se non hai pesca, non hai ingresos.
- Inexistencia de contratos.
- Salarios fixos.
- Non importa a produción da empresa.
- Repercute ésta somentes na prima de pesca.
- Os traballadores venden a súa forza de traballo ó propietario.

División social do traballo

- Nula división social do traballo.
- O propietario-patrón exerce a función directora.
- Os mariñeiros fan conxuntamente as tarefas sen especialización.
- Tarefas perfectamente definibéis.
- A empresa caracterízase pola súa estrutura:
 - . produtiva
 - . comercial
 - . financeira

Técnicas a utilizar

- Lenta evolución das técnicas no proceso de produción.
- Utilización de moderna tecnoloxía e tódolos adiantos que permiten incrementa-la produción.

Nembargantes esta dualidade de modos de produción na pesca galega, non quere decir que existan dúas formas que estean illadas, cada unha nun contexto diferente, aislada da outra; senón que ámbalas dúas entran a formar parte da formación social galega, que é coma a dominante no Estado español de índole capitalista. Se unha delas é xa manifestamente capitalista, é definida por nós neste senso aplicando o modelo dos modos de produción, as pertencentes ós M.P.P., quedan manexados nos contextos das relacións de intercámbeo e distribución polas formas que dominan, ou sexa as formas capitalistas.

Hoxe as condicións nas que se atopa o sistema económico capitalista son dunha fonda crise, o que supón tamén que nas pesquerías haxa uns procesos de contradición moi agudizados. Os

problemas da inflación mundial son apreciábéis de forma galopante no Estado español e no País Galego, que axudan á medra dos aparellos, costes, combustibéis, aceite, redes, e máis inputs do proceso de produción. Os excesos de captura das especies e o número das embarcacións provocan situación de sobrepesca. Os descensos dos rendementos, a auxe dos movementos organizados de reivindicacións dos traballadores do mar, os problemas derivados da comercialización actual, o comercio exterior cada vez máis pequeno e menos favorábel, etc. etc., compoñen asemesmo a situación existente no sector pesqueiro que podemos definila coma tremendamente crítica.

Temos que unirle os problemas derivados da implantación das 200 milhas, e máila limitación de cuotas prás pesquerías das zonas da ICNAF,

NEAFC, etc., que compoñen un novo perigo prá pesca galega. Repercute isto na invasión doutras embarcacións nas zonas adicadas dende sempre ás artes de trasmallo, palangre, cerco, arrasando con tódolos aparellos, esquilmando o mar, e poñendo en perigo as economías familiares das empresas que como definimos pertencen ó M.P.P. Asimesmo a baixa de rendementos supón a necesidade de reduci-las mallas, pra deste xeito, manter certo tipo de produción, a pesares dos danos que lle fan ó futuro potencial pesqueiro, pois evita a reprodución e a medra das especies.

A política pesqueira levada a cabo polo Goberno a partir da promulgación da lei de 1961, de Protección e renovación da flota pesqueira, foi irracional, non planificóu o sector de forma coherente, e arrastróunos a esta situación existente hoxe. Producíronse excesos de construción de novos buques, axudados pola política crediticia que favoreceron a formación de grupos monopolistas no sector. En fin, non se levóu a cabo unha política pesqueira condicionada ós recursos do mar e ás necesidades colectivas da sociedade.

Entón ante os numerosos problemas que se atopan nas pesquerías galegas, caben dúas maneiras de enfoca-la situación, o que non quere decir que sexan excluintes, senón que están moi artelladas.

- 1º Modificacións parciais e urxentes a realizar agora mesmo, denantes que o sector pesqueiro veña a dar unha situación de descomposición interna irreversible.
- 2º E modificacións tendentes a sustitui-lo modo de produción capitalista por outro que sexa planificado racionalmente e coherente, que coidamos tería que ser socialista; o que levaría a romper con moitas das actuais estruturas administrativas, burocráticas e legislativas.

Máis esta derradeira solución somentes pode ter lugar dentro dun cámbio político que, amáis, abranguería a tódolos sectores económicos e sociáis e, xa que logo, non compre consideralo illadamente pra pesca.

Entón agora, parécenos fácilmente comprensíbel cáis poden ser algunhas das accións que terán que levar a cabo os mariñeiros dentro dos procesos de cámbio e substitución das condicións actuais.

Tódalas accións deberán estar encamiñadas á elaboración dunha política de pesquería galega, decidida polos propios traballadores do mar, nos organismos creados pra desenvolver tal actividade.

Nembargantes hoxe son necesarias unha ducia de medidas urxentes cara á pesquería galega que poden definirse nos seguintes puntos:

- 1º Limitación da tonelaxe e do número das embarcacións.
- 2º Restrición da construción de novos barcos sen desguace dos anteriores.
- 3º Estimación das cuotas de captura segundo os tipos de pesca.
- 4º Defensa das rexións pesqueiras de baixura, e fortalecemento de consorcios internaciónáis prás unidades de altura e gran altura.
- 5º Estabelecemento da regulación da pesquería por tipo de pesca.
- 6º Selección das artes de pesca a utilizar, e a intensidade e esforzo de pesca.
- 7º Introducción de precios mínimos e garantizados, amáis de ter asegurada a compra da pesca desembarcada, e participar nos organismos que controlen este proceso.
- 8º Controla-las operacións de comercialización e distribución pra evitar beneficios abusivos por parte de persoas alleas ó sector.
- 9º Participación dos mariñeiros na elaboración da política pesqueira dentro dún organismo galego de pesquerías, pra defende-los intereses dos traballadores do mar.
- 10º Conseguir do Organismo galego de pesquerías que evite as importacións de pesca, e que cando sexan necesarias, exista un control das mesmas.
- 11º Que o organismo galego de pesquerías axude a financiar certo tipo de inversións pra modernizar barcos, artes, instalacións, portos, etc. e facilite cretos, axudas, etc. ós mariñeiros galegos.
- 12º E que os cabildos das Cofradías sexan verdadeiramente representativos dos mariñeiros.

Deste xeito, poderíamos evita-los perigos da sobrepesca, os excesos de concentración do capital, e explotación irracional dos recursos e os procesos de intercámbeo desigual coas canles de comercialización e distribución actuais; e poderíamos olla-lo futuro dunha pesquería coherente, racional e planificada dentro dun marco socialista, en función da comunidade social galega, que nos levaría ó desenvolvemento e progreso do País Galego.

Distribución da flota galega por tipos de pesca

(ano 1973)

	embarcacións		tonelaxe	
	Nº	%	T.R.B.	%
Arrastre	469	9,7	81.196	32,9
Arrastre conxelador	116	2,4	66.424	26,9
Bacaladeiro	67	1,4	40.280	16,3
Cerco	614	12,7	23.708	9,6
Superficie	3.242	66,9	20.062	8,2
Cerco conxelador	4	0,0	1.699	0,7
Factorías	6	0,1	10.727	4,4
Outros	331	6,8	2.415	1,0
TOTAL	4.849	100,0	246.511	100,0

Fte) Subsecretaría da Mariña Mercante. Anuario 1973. Elaboración propia.



Entre a discoteca e a máquina tragaperras
«Cantos máis entren máis cartos».

A participación da mocidade na actividade política medra decote e ten mostras organizativas xa de certo interés, que marcan unha nova xeira e veñen moi vencelladas á situación xeral da sociedade que sae de corenta anos de ditadura. Calquera análise do futuro ten que contar cun factor activo e inqueda: a mocidade, que tamén se está a organizar.

De súpeto as rúas enchéronse de cartéis, pintadas de esprái, pegadizos, letreiros e siglas políticas nas que as organizacións xuvenís piden, entre outras cousas, a maioría de idade ós 18 anos, participación nos axuntamentos, recoñecemento legal das súas asociacións, mili na terra, etc. Clubs xuvenís (como organización de base) e organizacións políticas entre a xente nova (máis ou menos dependentes dos partidos) son dous feitos que definen a realidade e van configura-los novos camiños da segunda metade dos 70.

¿Quén son estes mozos? ¿De ónde saíron? Todo ten a súa historia, as súas raiceiras propias. Neste traballo recóllense preocupacións da mocidade, reivindicacións, programas e unha parte desa historia, todo nos vísporas dunhas eleccións que non recoñecen o dereito de voto ós menores de 21 anos.

Movimento xuvenil

Os mozos non poderán votar

XAVIER MARIÑO

Segundo as cifras que ofrecen as mesmas organizacións xuvenís, 150 mil mozos galegos, entre os 18 e os 21 anos, non poderán achegarse ás urnas o próximo día 15 pra da-la súa opinión sobor do futuro democrático tal e como se fai noutros países. Unha medida deste xeito (a maioría de idade ós 18 anos e, polo mesmo, o dereito a voto)

endexamáis entrou nos proxectos do goberno Suárez e, anque a oposición que negociaba tiña entre os seus planteamentos o voto a esa idade, tampouco teimou moito na idea. Os mozos, polo de agora, non van ás urnas.

Calcúlase (oficiosamente) en tres millóns o número de posibles votantes que están nestas condicións en todo o

Estado Español. A pregunta ven axiña: ¿qué significaría a presenza destes votos novos nas urnas do 15 de xuño? De primeiras pódese pensar nunha maior presenza da esquerda, posición supostamente maioritaria entre a xuventude. Isto pensan, dende logo, os homes que dende o Poder non deron luz verde no seu día ó voto da mocidade. Non hai feitos, sen embargo, sondeos de opinión fiables dabondo pra dar unha opinión definida e os que se fixeron nos países europeos, por exemplo, segundo afirmaba hai pouco Tierno Galván, daban entre a mocidade máis índices de conservadurismo (froito da educación recibida nas familias) do que se podería pensar.

Pro os feitos están ahí. A idea que hai neste país é que a mocidade aínda non está feita prás urnas, pra da-la súa opinión nuns comicios que van ser de tanta transcendencia. A mocidade, segundo o Poder, non está feita pra moi-

da marcada e controlada claramente polas liñas ideolóxicas e doutrináis da Falanxe Española e o nacional-catolicismo gañadores da guerra. Falanxe tenta crear dende o primeiro intre o «home novo de España» á súa maneira e apóiase dun xeito especial nas actividades xuvenís. Somentes reparte coa Igrexa algunha tenza de terreo na que esta pode facer sentir, sempre nun segundo termo, a súa presenza ideolóxica tamén.

Calquera actividade dirixida ou programada pra xente nova tiña de saír do Movemento ou estar directamente controlada por este. Deica hai moi pouco, teóricamente polo menos, seguían as cousas así, anque con grandes marxes de tolerancia. Eran os tempos do uniforme azul, «montañas nevadas, banderas al viento», o xugo e as flechas, a xerarquización segundo as edades en «flechas», «arqueros» e «cades»... as actividades folclórico-culinarias da Sección Femenina...

CAMBIOS NOS 50 E 60

Os cambios políticos e económicos debilitaron, con todo, a forza e as mesmas posibilidades de control do partido único xa nos anos 50, e do Frente de Xuventudes imos pasar paseniño (pro sen acougo) ás organizacións eclesiais de Acción Católica e semellantes que veñen ser no seu día mesmo un fenómeno «liberador» da estrutura política falanxista pra xuventude. Arredor da Igrexa, sobor de todo nos últimos anos

mo dos relixiosos segundo os sectores novos da Igrexa se liberalizan.

Son os tempos da JOC (Juventud Obrera Católica), JIC (Juventud Independiente Católica), JEC (Juventud Estudiantes Católicos), etc. que escomenzan a rachar, en certo modo, os esquemas do nacional-catolicismo e adquiren os primeiros compromisos democráticos, agoiran xa tempos de cambio, anque fora moi lento e sempre controlado pola xerarquía.

Os grupos cristiáns na Universidade de Santiago nos anos anteriores ó 68, por exemplo, foron moi importantes mesmo como forza política (cáseque a única, polo menos de certa significación maioritaria). No seguinte paso estamos cáseque aínda. A liberalización do réxime franquista, a politización da Universidade española (e logo dos Institutos de Ensino Medio), etc., ven marcar unha nova xeira. A creación de «clubs xuvenís», asociacións independentes de calquera organismo oficial (anque traballan na ilegalidade), a aparición hai pouco de forzas políticas xuvenís (máis ou menos dependentes de partidos que poderíamos chamar «adultos», fenómeno que nos leva a esquemas coñecidos anteriores ó 36), etc., son probas dunha nova situación pra mocidade. Unha situación a ter en conta.

UN NOVO PULO SOCIAL

Unha análise, anque sexa cativa e por riba, da realidade actual dá algun-

res dos anos sesenta (principalmente nas sociedades capitalistas) coma o movemento da música pop, por exemplo, con tódalas súas connotacións ideolóxicas, o fenómeno-Beatles, a axitación universitaria, movementos xuvenís de carácter cultural ou contracultural, político, social, etc., paralelos a situacións históricas, económicas e mesmo políticas do mundo moderno, falan dunha presenza activa da mocidade na sociedade do noso tempo que compre non esquencer, anque tampouco é este o lugar pra analízalo. O crecemento económico e social da pequena-burguesía, que manda os seus cadelos á universidade polos anos sesenta; o crecemento demográfico dos últimos anos.. son factores que conforman unha sociedade na que a mocidade conta dun xeito máis activo e protagonista que en etapas anteriores.

A crecente sensibilización política, o compromiso ou militancia da sente nova (ás veces moi nova) é un aspecto máis desta sociedade que estamos a vivir, unha resposta tamén ás elvas, limitacións e fallas que esa sociedade ofrece ó rapaz novo que escomenza a se plantexar alternativas ideolóxicas e vitáis. Calquera análise que se faga do futuro ten que partir, necesariamente, do estudio e valoración desta presenza xuvenil, das súas organizacións, reivindicacións, programas e demáis. Son gromos que están a nacer arreo.

AS ORGANIZACIONES POLITICAS

Un feito xuvenil a ter en conta e que adquiriu dimensión de dous ou tres anos pra acó son as organizacións políticas. Por exemplo: Xuventude de Unidade Revolucionaria, Círculos Galegos Xoven Revolucionario, Mocidade Galega Revolucionaria, Mocidades Socialistas do PSG, Mocidades Socialistas Galegas, Xuventudes Carlistas, Xuventudes Comunistas de Galicia, Xoven Guardia Roxa, Unión de Xuventudes Maoístas, Xuventudes Socialistas Populares (PSP), Xuventudes Socialistas (PSOE), etc. Son algúns nomes que de cando en vez, e por falar só da nosa realidade galega, se poden topar no espri dun muro ou nun boletín informativo a ciclostil. A meirande parte delas contan cos dedos da man os seus militantes. Pro están ahí. E todas elas, máis ou menos directamente, están vencelladas ós correspondentes partidos políticos: Círculos Galegos Xoven Revolucionario á Liga Comunista Revolucionaria, Unión de Xuventudes Maoístas á ORT, Xuventudes Comunistas de Galicia ó PCG, etc.

O lector pode observar que a meirande parte destas organizacións son de carácter comunista e, xa nun segundo termo, socialistas (que son tamén as máis novas). O carácter militante e activo das primeiras ofrece, sen dúbida



¡POLO FUTURO!

tas outras cousas. Todo é absolutamente coherente. Costóu moito esforzo e traballos convencer ó Poder nestes últimos anos de que non só a mocidade senón o país en xeral quería unha participación e control na xestión pública, liberdade de reunión e expresión, participación no poder, eleccións libres, amnistía, liberdade pra tódolos partidos, democracia... E algunhas cousas aínda están por conquistar.

UNHA POLITICA PRA MOCEDADE

Se quermos face-la historia da realidade xuvenil nestes últimos anos podemos escomenzar pola guerra civil. Todo o aparello organizativo e asociativo dos primeiros anos trinta (mocidades dos partidos políticos, organizacións xuvenís culturais e de barrios, asociacións, etc.), que no tempo da República recibiu un pulo importante, desaparece. Mesmo agora, o observador político ten a idea de reatopar, anque tímidamente aínda, un río subterráneo. Coma outras moitas cousas, despóis do 39, a política que se leva coa mocidade que-



SEN LEGALIZAR, SEN LOCAIS E NA RUA

50 e primeiros 60, medran novos clubs xuvenís, centros da mocidade controlados por párrocos, asociacións apostólicas, relixiosas, etc., rexidas polos «consiliarios» pro que, nun intre determinado, escomenzan a adquirir unha nova dimensión unha miga máis alonxada dos dogmatismos políticos e mes-

has claves diferenciadoras da sociedade que vivimos: unha sociedade onde a mocidade supón, anque non sexa máis ca dende unha perspectiva cuantitativa, unha porcentaxe importante de poboación absoluta. E unha porcentaxe que medra decote.

Fenómenos que se producen a parti-

ningunha, maiores atractivos prá xente moza que está a disgusto coa situación actual, encarreira moito millor as arelas de cámbio e fonda transformación social, dálle alternativas de subversión dunha realidade inxusta. Nalgúns casos son correas de transmisión. Noutros a autonomía é máis ampla, teñen os

dos casos e que, xeralmente, veñen organizándose por barrios nas cidades máis importantes. E un fenómeno urbano. E un fenómeno, tamén, que ten moito que ver, en xeral, co chamado «movemento cidadán», que escomenza no Estado Español na metade da década dos sesenta, principalmente nas pri-

ciacións de veciños en Agra, Labañou, Monteouto, as Froles, Bens, Os Maños, Riazor... todas elas con completa autonomía, segundo din, e cara á independencia total). En Santiago: Sar, Castiñeirío, San Pedro, San Miguel, San Fernando e San Francisco (a meirande parte, como se ve polos nomes, xurdiron da man dos cregos, anque escomenzan a andar tamén pola súa conta). Ferrol: varias vocalías de xente nova nas asociacións de veciños. Ourense: un club na Ponte, outros a piques de se constituír no Couto e máis no Centro, amáis da Casa da Xuventude, que ten as súas orixes da OJE. Pontevedra (club Xerme), Vilagarcía (club «Fuxindo alén das tebras»), Silleda, Pontearreas, Tui, Porriño, Vigo (travesía, Calvario, Pardavila, Bouzas, Felipe Sánchez, dous en Teis, Beade, Balaídos, Vigo-Centro, Vigo-Oeste, Salgueira, Sárdoma, Coia, Camelias, San Sebastián, club Alpino Gallego, Xuventude Obreira Viguesa, etc. Funciona unha coordinadora de C.X. dende febreiro do 76).

Moitos dos citados non teñen aínda moito máis có nome, pro xa están ahí, e quedan outros no tinteiro, por nomear. ¿Locáis? Non teñen onde meterse. Andan polas cafeterías, por onde poden, ás veces aproveitando algún local de Asociación de Veciños (cando a asociación ten local e non anda do mesmo xeito). ¿Actividades? Segundo eles mesmo din, sen locáis non son doadas de facer. Por outra banda, no intre de pediren os permisos atópanse que ó non estaren recoñecidos legalmente tampouco poden face-las na legalidade: algunhas conferencias, conversas, partidos de fútbol, bailes, etc. Onde teñen feito máis cousas ou, polo menos, cousas de máis sona foi na Coruña. As cuotas de pago andan entre as 25 e as 50 pesetas ó mes.

A TETA CONSUMISTA

Agora ben, ¿en qué medida todo isto é representativo da mocidade galega? ¿Cómo é realmente a mocidade neste país? Compre facer unha diferenza fundamental que define tamén a realidade de Galicia (nisto coma noutras cousas). Por unha banda está a mocidade urbana, onde este tipo de sensibilización social e política aínda sendo minoritaria é maior e medra decote. Por outra está a realidade rural esnaquizada, en desfeita progresiva, con problemas moi específicos e decisivos coma a emigración (a mocidade é primeira protagonista) os horizontes de futuro pechado, as posibilidades organizativas e de formación de conciencia colectiva, intercambio de experiencias, etc. practicamente inexistentes. Só algúns cregos novos, aproveitando a estrutura das parroquias veñen facendo algun labor, pro moi cativo. A realidade rural galega (que segue a ser maioritaria neste país) é unha realidade absolutamente moura pró rapaz novo que ten nestes intres dúas alternativas: emigrar ou pechar tódalas posibilidades de futuro. (1)

Xa nas cidades, a máquina do consumo ten na xuventude unha gran teta: hai toda unha industria pensada pró mozo, dirixida a explotalo mozo, dende as máquinas tragaperras ás modas, discos, discotecas, cafeterías, xeitos de vestir... «A non ser moi cativas excepcións, a xente nova non ten ideáis. Está absolutamente privada de ideas, sexan do tipo que sexan —decía a TEIMA Luis Abilleira, psicólogo e dende hai tempo vencellado a problemas da mocidade das grandes urbes e, sobor de todo, dos arrabaldos obreiros—. E un fenómeno propio das sociedades capitalistas. Como científico e como especialista non pode xuzga-la realidade por catro ou cinco rapaces con ideas políticas ou sensibilizados pra organizárense. Pra mín estes mozos, moi meritórios na súa sensibilización, non son máis ca excepción na regra: a regra dunha mocidade que é un gran ermo, vítima dunha gran marxinação e dunhas estruturas que a irgnoran ou a explotan».

Podemos, efectivamente, perde-la brúxula analizando tamén a mocidade (eses milleiros de rapaces que viven, medran á vida na rúa, no traballo, na prensa deportiva os luns) a partires de sectores sensibilizados pro moi minoritarios. As grandes maiorías da nosa mocidade, coma a doutros sitios, viven dacabalo entre a marxinação e a máquina tragaperras que o sistema lles pon arreo á porta da casa. Prá xente nova (esas grandes maiorías anónimas) non se fan centros culturais, nin bibliotecas, nin asociacións (nin se lles deixa que eles as fagan tampouco). Fanse salas de festas (canta máis xente entre nelas millor, sexa na vila ou na aldea),



«¿QUEN NOS PECHAS AS PORTAS DA URNA?»

seus voceiros periodísticos, sistemas de propaganda, etc. Dende o fascismo ó comunismo —e a historia non ven de agora— as organizacións políticas, sobor de todo aquelas de actividade ou retórica revolucionarias, tiveron nas súas organizacións xuvenís uns segundos frentes especialmente activos ó mesmo tempo que unha «canteira» propia de militantes.

Aínda hai máis na realidade galega: os Estudantes Revolucionarios Galegos (ERGA), organización ou movemento vencellado ó bloque nacional-popular. Sen embargo, eles mesmos din non ter programas concretos prá mocidade e, dende logo, tampouco se consideran organización política propiamente dita senón máis ben un movemento de masas entre o estudiantado e cunha proxección abertamente nacionalista. Institutos e Universidade (anque nesta última xa actúan máis os partidos) son os eidos principais onde traballan e teñen máis implantación todas estas organizacións. Nos derradeiros tempos, sobor de todo nas grandes zonas industriais, escomenza a se senti-la presenza do sector dos traballadores.

meiras asociacións de veciños de Madrid, creadas no 66.

Os clubs xuvenís, que dun ano pra acá medraron moito, son dalgunha maneira a expresión do seguinte paso organizativo, unha vez que esgotaron a súa capacidade aqueles grupos que medraron arredor da Igrexa nos últimos anos 50 e morreron definitivamente hai tempo os do Frente de Xuventudes. E un gromo cativo aínda, bulinte. Asegún as nosas informacións hainos en:

A Coruña (seccións xuvenís de aso-



UNHA ALTERNATIVA DA BASE OS CLUBS XUVENIS

OS CLUBS XUVENIS

O outro feito organizativo que dalgunha maneira pode definir unha nova etapa (a partires dos primeiros anos setenta) entre a mocidade galega é a presenza dos clubs xuvenís. En 1976 aparecen os primeiros: asociacións de xente moza, aínda ilegais na maior parte

cafeterías onde deixan pasar diante dunha copa de coñac e un naipe a tarde enteira do domingo; fanse as modas, os discos, obxectos pra consumiren sen preocupación de calidade nin contidos; fábricaselles en serie subliteratura que mantén o sistema alienante e o reproduce, etc.

MARXINACION E DESINFORMACION

De feito as cousas poden estar a cambiar, están a cambiar nalgúns sectores dun xeito importante, pro a gran maioría da mocidade (coma a gran

é absolutamente coherente, absolutamente lóxica nos esquemas mentais e políticos das últimas décadas, a pesares da moita demagogia que de cando en vez se ten feito.

¿NO CAMIÑO DO CAMBIO?

¿Están as cousas a cambiar? Todo un sistema é responsábel. A análise dos movementos organizativos, grupos políticos, clubs xuvenís e mesmo o papel histórico que nos últimos anos ven representando a xente nova fai pensar, dentro das coordenadas dunha vindeira sociedade democrática, que as cousas



CARAMBOLAS DO LECER

maioría aínda do país) vive ou vexeta vítima dunha política de non participación, marxination, desinformación, deformación, nugalla, falla de cultura, da que os primeiros beneficiados son as clases e xentes que tiveron o poder. Poderíase pensar nas posibilidades, por exemplo, dunha planificación da política xuvenil dende os axuntamentos que teóricamente, terían que adicar unha porcentaxe (o 2%) do seu presuposto a actividades prá mocidade. Hai pouco que os clubs e organización xuvenís reivindicaban, polo menos, o dereito a administraren esta cantidade tan cativa. Nin así. O mesmo Luis Abilleira conta unha anécdota significativa que lle pasou cun concellal do Axuntamento de Vigo. Cando o psicólogo se interesou polas posibilidades que podería te-lo Axuntamento cara ás actividades prá xente nova o concellal respondéume: «Vostede métase nos seus alumnos que estas cousas da mocidade arránxanse soas».

No fondo, atendendo ó labor que axuntamentos e institucións oficiáis teñen realizado a prol da formación, participación e realización cívica doutros moitos sectores sociais, o valeiro absoluto da mocidade (a nugalla, indiferencia e despreocupación dos organismo)

están dalgunha maneira xa no camiño do cambio, anque a realidade sensibilizada e activa sexa hoxe moi cativa e minoritaria respecto do conxunto.

«Queremos estar incluídos nos presupostos municipais. Queremos parte activa nun axuntamento democrático. Esiximos a desaparición da Delegación da Xuventude e que o seu patrimonio pase ós realmente representativos», di Xan Manuel González, representante dos clubs xuvenís vigueses que dende hai tempo veñen loitando por se facer sentir na vida da cidade. E certo que detrás de moitos destes clubs que nomeamos como organizacións de base entre a mocidade, hai partidos políticos (sobor de todo as correntes mozas dos partidos). Pro tamén é certo que, nos tempos que veñen, os partidos políticos, nesta cuestión e noutras moitas, terán que adquirir compromisos de acción concreta pra daren solucións e alternativas reais.

¿Por ónde poden ir esas solucións? «Queremos liberdade pra nos expresar, pra nos reunir, pra discutirmos xuntos os problemas que temos, programar actividades e busca-la nosa propia identidade de xovens, de xente nova e xente nova galega, con problemas moi especiais tamén», di Beatriz Alvarez.

¿As áreas rurais? «Esa é outra —engade— Polo de agora os movementos organizativos son realidades urabans. As alternativas no campo prós xovens terían que vir cunha estratexia diferente, quizaves ó traveso da parroquia all onde se poida, dos teleclubs, etc. pro está a emigración, o espallado da poboación, a falla da escolas e centros onde se reunir, xente que os sensibilice, falla de servicios, a realidade atrasada e esmorecente do campo, etc.». Hai uns meses rexístrouse a nivel galego un movemento importante entre os clubs xuvenís (e noutro plano entre as organizacións mozas dos partidos anteditos) reivindicando dos axuntamentos as atencións necesarias. En Vigo, concretamente, houbo longas polémicas nos medios de comunicación, entrevistas con algún responsábel municipal, etc., pro non servíu de moito (anque o movemento sensibilizador vai botando raiceiras). Neste senso (sensibilizar é botar raiceiras) compre explicar, por exemplo, a actitude dunha organización política, a Mocidade Galega Revolucionaria que, como resposta á negativa por parte do goberno a deixar votar ós maiores de 18 anos, organiza unhas eleccións xuvenís paralelas, unha resposta sensibilizadora, simbólica.

150 mil mozos galegos non poden ir ás urnas. Pro a análise ten que facerse agora cunha proxección cara ó futuro (e non cara a un futuro a moi longo prazo). Só dende unha planificación social e política diferente, cunha política concreta cara á mocidade e partindo da realidade organizativa de base desa mesa mocidade («non queremos paternalismos! ¡tampouco de esquer-

das!») poden saír solucións. Polo de agora non hai máis ca intuicións e camiño. O que poida suceder terase que explicar tamén dende presupostos democráticos que aínda non hai.


No primeiro mítin unitario da esquerda, no pabellón de deportes de Vigo, hai unhas semanas, un grupo de rapaces recorreu a pista cada un cunha letra onde se reivindicaba a maioría de idade ós 18 anos. Esta é xa unha reivindicación imparábel. Logo, en nome dunha chea de organizacións políticas xuvenís, un mozo leu dende a tribuna, despóis das intervencións dos partidos políticos e dunha representante da Asociación Galega da Muller, as alternativas da mocidade galega: estar presentes, existir, ser nós mesmos na realidade, existir legalmente, participar... Aínda non vai desta.

(1) No ano 1969 o S.I.E. preguntaba polo número de xente moza que tiña pensado deixa-lo campo por un traballo na cidade nos próximos dous anos. A resposta era dun 30 por cento entre os menores de 30 anos. Pro se a pregunta se facía doutro xeito: ¿cántos quixeran vivir na cidade? O número de partidarios de fuxir ás vilas entre os 18 e os 30 anos chegaba ó 76 por cento. Todos daban razóns moi semellantes: mellores condicións naturais de vida, mellores condicións de traballo, máis oportunidades ca no campo, máis diversións... A vida no campo non ofrece hoxe atractivo nin perspectiva ningunha prá xente nova.

As principais reivindicacións

(cáseque tódolos grupos políticos, asociacións xuvenís, clubs, etc. coinciden nunha chea de puntos reivindicativos que se poderían resumir da idea do recoñecemento legal da *problemática da mocidade* e o seu dereito a estaren presentes na democracia e seren coprotagonistas da mesma. E un feito que está ahí e turra con forza, anque poida parecer marxinal).

- Maioría de idade ós 18 anos (anque hastra hai pouco algunhas organizacións políticas coma a Xuventude de Unidade Revolucionaria, os Círculos Galegos Xoven Revolucionario e as Xuventudes Comunistas de España, uns individualmente e outros colectivamente, falaban da maioría de idade ós 16 anos).
- Presencia representativa na xestión pública.
- Educación ceibe de prexuícios e imposicións familiares cunha atención especial prás mozas («por unha moza nova nunha Galicia nova»).
- Dereito ó ensino na realidade e lingua do país.
- Reivindicación da nosa lingua e cultura.
- Postos de traballo na terra e non ás discriminacións da mocidade no mesmo.
- Non á emigración, que nas áreas rurais ten ós mozos coma protagonistas.
- Mili na terra.
- Dereito a organizaren as súas propias diversións, actividades, locais, asociacións, etc., mesmo con axudas oficiáis.
- etc.



Nesta segunda entrega do traballo «Forzas políticas pra un tempo decisivo», faise un breve recorrido pola historia, principios e situación actual de tres grupos comunistas: o Partido Comunista de Galicia —aparato autónomo do PCE—, o Partido do Traballo e a Unión do Pobo Galego. Nun próximo número completaremos —coas assembleas e o movemento anarquista— a análise de conxunto das forzas políticas hoxe actuaes en Galicia.

O Partido Comunista de Galicia

Cando a remates do 1921, despois da escisión no seo do PSOE dos partidarios dos 21 puntos da III Internacional, se produce a fusión de distintos grupos e xorde o Partido Comunista de España, en Galicia, concretamente en Pontevedra, escomezan as tarefas de construción do partido na nosa nación, iso sí, seguindo as directrices da dirección central. De feito, o cambio de nome da sección galega do Partido Comunista de España polo de Partido Comunista de Galicia non se produce até 1969 cando os comunistas galegos celebran en Francia un congreso propio, aproban un programa provisional pró partido en Galicia, e nomean un comité central e un secretario xeral, Santiago Alvarez, o que non impide que este sexa unha persoa do comité executivo do PCE.

Moi perseguido durante a ditadura de Primo de Rivera, o partido non vai ter unha presenza importante hastra os últimos anos da República. A política de Frente Popular vai supoñer un certo achegamento do partido ós partidos das nacionalidades, nos que era entón vangarda a pequeno-burguesía, e os comunistas galegos participarán na campaña pola autonomía. Nestas datas hai algúns intentos de construír un partido comunista en Galicia con dirección propia, intentos que non teñen éxito ningún. Nas eleccións de 1936 o partido conseguirá sacar un deputado en Galicia: Adriano Romero, con 81.905, por Pontevedra.

Durante a guerra e durante toda a década dos corenta, o PC participará e potenciará a loita dos guerrilleiros, sufrindo numerosas «caídas» e represión os seus militantes. A política de Reconciliación Nacional vai marcar unha nova estratexia nos anos cincuenta e será directo antecedente da actual liña «eurocomunista» ou carrillista.

Actualmente o PCG ten sobor de todo implantación nos núcleos industriais, como Ferrol ou Vigo. Moitos dos seus homes públicos son destacados dirixentes das Comisións Obreiras (CC.OO.), encadrados na chamada liña maioritaria. O partido tamén ten implantación entre os estudantes e os profesionais e promove organizacións sindicais no agro (Comisións Campesinas) e no mar (Comisións Mariñeiras).

O PCG vai ser eixe da Xunta Democrática de Galicia que nace no 1974 e tamén da posterior Táboa Democrática. Son os tempos da loita pola «ruptura democrática», que logo quedará en «ruptura pactada». Hai que recordar que as relacións Táboa-Consello xamais foron amistosas.

A nivel de consigna, a política do PCG pode vir expresada polo berro que tan bo resultado dera en Cataluña: «Libertade, amnistía, estatuto de Autonomía».

O PCG é un dos temas máis complexos á hora de analiza-lo espectro de forzas políticas en Galicia. O ser chamados «filial», «sucursal», «reflexo», etc. do PCE en Galicia, os comunistas do PCG deféndense definíndose como —é a formulación máis repetida— «partido autónomo dentro do Partido Comunista de España». Dende sectores do nacionalismo acúsase ó partido de non ter suficientemente asumido o problema nacional galego e de aplicar en Galicia mecánicamente a política decidida a nivel de Estado. Outra corrente crítica forte respecto do Partido Comunista procede dos partidos situados á esquerda e que consideran que o partido está en proceso de socialdemocratización, que abandonou os principios marxistas-leninistas e que falan, polo tanto, de construír un verdadeiro partido do proletariado.


Forzas políticas pra un tempo

Do PCG á U

O partido, claro está, deféndese. ¿Cómo explica-lo abandono de principios hastra non hai moito considerados intocables coma o de «ditadura do proletariado»? ¿cómo explica-la práctica de cada día, sorprendente, mesmo pra parte da dereita, pola súa moderación? O PC, coma en Italia, quere aparecer como o principal interesado no orde democrático. Quérese facer unha transformación do Estado e quérese facer ó traveso da democracia parlamentaria, fálase da democracia social como resultado do afondamento e do perfeccionamento da democracia política, e o PC utiliza en moitas ocasións o mesmo lema que os partidos socialistas:

«socialismo en libertade». Quizaves o dito por Manuel Azcárate —un dos principais teóricos do chamado «eurocomunismo»— deixe máis claras as cousas: «Lenin decía: hay que destruir el Estado y crear otro; nosotros decimos: hay que transformar el Estado. (...) El Estado ha sufrido cambios cualitativos y cuantitativos. Nuestra tesis es la transformación del Estado para ir al Estado socialista. Al Estado democrático y socialista. La concepción de la democratización de la transformación democrática del Estado y de todos sus aparatos es un elemento decisivo de toda la vía democrática al socialismo» (revista «Teoría y Práctica», n.º 1).

SANTIAGO ALVAREZ, SECRETARIO XERAL DO PC.G.



decisivo (II)

PG

A Unión do Pobo Galego

A *Unión do Pobo Galego* (UPG) é o único partido que se declara marxista-leninista de orixe e dirección exclusivamente galega. Nacéu no ano 1964 —fálase dun acto de fundación no merendeiro «Rocha» de Santiago, o 25 de Xullo— e estivo formado nun principio por antigos militantes do Partido Galeguista, da Federación de Mocidades Galeguistas, de esgazados do Partido Comunista de España —entón non existía o PCG— e homes expulsados do Consello da Mocidade pola súa ideoloxía marxista. Os obxectivos da organización van ser camiñar cara á formación dun verdadeiro *partido comunista de Galicia* —coma alternativa ó PCE— e poñer as bases dun amplo *frente de liberación nacional* que organice ás clases populares galegas cara á súa liberación nacional e social. Algúns dos seus militantes non se definen naquel entón como comunistas e o grupo ten un certo matiz populista. De feito, nos seus «principios mínimos» hai unha mistura de puntos propios dun *frente e partido*: 1. Galicia é unha nación e como tal ten dereito á súa autodeterminación; 2. O Pobo Galego exercerá o poder en Galicia; 3. Os meios de produción distribución e creto pertencen ó pobo; 4. A colectivización do agro escomezará cunha etapa cooperativa, como fase previa a formas máis desenroladas de socialización; 5. A pequena empresa e a industria artesá serán concentradas en unidades produtivas superiores; 6. A grande empresa capitalista será socializada dun xeito inmediato; 7. A organización administrativa do campo galego terá por núcleos as agrupacións tipo Parroquia, que se integrarán na Bisbarra. O territorio urbano será administrado por Concellos, compostos por Distritos; 8. A educación estará ó servizo do Pobo; 9. O idioma oficial de Galicia será o Galego, de ensino obrigatorio; 10. A liberación nacional galega non desbota o vencellamento federativo de Galicia ós demais Pobos da Península.



ELVIRA SOUTO SECRETARIA XERAL DA U.P.G.

Castrelo do Miño vai se-la primeira loita importante na que participe e teña papel hexemónico a UPG. Despois, e hastra os anos setenta, o partido dará frecuentes bandazos. E tempo de forte represión, o número de militantes segue a ser moi reducido. Coa entrada de loitadores de procedencia obreira inicia unha nova etapa definida por unha maior presenza na vida política do país e tamén por unha afirmación marxista-leninista do partido. Promóvense os xermes sindicais en diversos eidos e trátase de potencia-las organizacións de masas. No 1973 firmase un documento conxuntamente co Partido Socialista Galego. En canto a relacións con partidos doutras nacións oprimidas, hai que falar da «Carta de Brest» firmada en 1974 que consiste nunha «Declaración encol da loita contra do colonialismo na Europa Occidental», xunto con Unión Democratique Bretonne, Cymru Goch, Irish Republican Movement e Herriko Alderdi Sozialista (partido colaborar de ETA V Asamble).

Logo, en 1976, en Portugal, a UPG firmaría un comunicado conxunto coa ETA e o PSAN.

Co obxectivo de formar un frente de loita armada ven unha máis estreita colaboración con ETA V. A detención en Lugo de dous militantes desta última organización que viaxaban nun automóbil co militante de UPG Xosé María Brañas foi un dos sinais que anunciaron a represión naquel vran de 1975. Moncho Reboiras cae morto en Ferrol por disparos da policía. Hai ducias de detidos. Ten que pasar un tempo prá reorganización e xa non se volve a falar de frente armado. Vai privar-lo traballo político: potencia-ráse a AN-PG e o partido terá un importante papel no Consello de

Forzas Políticas Galegas hastra que, xunto co PGSD, afástase deste organismo.

A partir do esnaquizamento do

O Partido do Traballo de España

Un dos partidos que máis se distingue nas críticas ó PC polo seu suposto «revisiónismo» e «reformismo» é o Partido do Traballo de España (que é dos poucos que non incorporou o «G» de Galicia á súa nomenclatura), partido que nacéu dunha escisión no Partido Socialista Unificado de Cataluña, vencellado ó mesmo PCE. O grupo escindido chamaráse nun principio «Unidad» para denominarse posteriormente, coa incorporación de novos grupos, Partido Comunista de España (Internacional). En febreiro de 1975, no transcurso da súa primeira Conferencia, tomará o nome definitivo de PTE. «O PCE foise afastando do marx-leninismo adaptando as ideas do PCUS (abandono do internacionalismo proletario) á situación española coa teoría da vía pacífica da revolución, negando ser precisa a ditadura do proletariado...». Como tarefa primordial, pois, o PTE plantexa a da construción dun verdadeiro partido marxista-leninista, dun partido comunista que dirixa á clase obreira á toma do poder por unha vía revolucionaria. Neste senso, o PTE estivo a piques de fusionarse coa ORT —quizaves o partido que dentro do Estado está máis próximo do maóismo—, pro as conversas non deron resultado positivo. Sí o tiveron as conversas co Partido Comunista de Unificación (PCU) co que se fusionou recentemente.

O PTE participou na Xunta e na


Consello a UPG vai refugar calquera pacto ou manifestación de protesta con outra organización que non sexa AN-PG. Despois do esgazamento nesta última está claro un progresivo control da Asamblea por parte do partido. Isto, e unha suposta dirección da UPG por parte da «pequeno-burguesía patriótica», ven sendo motivo de crítica nunha carta que circulou en sectores da AN-PG e dun «Documento contra dos coronéis» que estaría escrito por ex-militantes da organización, anque o cumio executivo da UPG declarou á prensa descoñece-la procedencia do devandito documento. Con parecidas críticas espallouse en maio un «Terra e Tempo» dos «contestatarios» no que se chama a un congreso extraordinario e ó boicot ás eleccións. Non é esta a postura da UPG oficial que presentou candidaturas ás eleccións do 15 de xuño no chamado Bloque Nacional-Popular que formou coa AN-PG.



RAMON LOBATO, SECRETARIO XERAL DO P.T.E.

Táboa. A igual que o PCG reivindicou o Estatuto de Autonomía do 36. A nivel sindical, despois de participar nas Comisións Obreiras, dentro da chamada «corrente minoritaria», pasou a promoverse chamados «sindicatos unitarios» que en Galicia callaron sobor de todo na construción, aproveitándose as folgas no sector.

En Galicia, o PTE funciona cun Comité Nacional. O partido, a igual que os outros á esquerda do PC, non está legalizado. Cara ás eleccións propuxo a formación dun Frente Democrático de Esquerdas por considerar «imparábel o proceso de democracia burguesa en camiño».



Na enseada de San Cibrao estase a facer unha grande obra.

Na provincia de Lugo, a carón da enseada de San Cibrao, perto de Cervo e de Xove, nun terreo de máis de 200 Hectáreas, ALUMINIO ESPAÑOL, S. A., e máis a súa filial ALUMINA ESPAÑOLA, S. A., comenzaron as obras dun proieuto que suporá o movemento de unhas cinco millóns de metros cúbicos de terra e rocha, pra instalar alí máis de 350.000

metros cadrados de naves industriais, en cuíñas estruturas, máquinas e instalacións empregaranse 135.000 toneladas de aceiro. Cando iste complexo estea en marcha consumirá aproximadamente o 6% da enerxía eléctrica española. Unhas 6.000 homes traballarán na construción desta grande obra. A Empresa Nacional de Aluminio

(ENDASA) e Aluminio de Galicia (ALUGASA), coa aportación de capital bancario e de Caixas de Aforro, crearon Aluminio Español, S. A., que, a súa vez, formou Alúmina Española, S. A. a coal recibirá a aportación tecnolóxica da compañía canadense, Alcan, e da francesa Pechiney. O custe total das obras sobrepasa os 36.000 millóns de pesetas.

A empresa fabricará 180.000 toneladas de aluminio e, por primeira vez en España, producirá alúmina, integrando así totalmente o proceso do aluminio.

Todo iste esforzo permitirá que a partir do mineral, bauxita, poida outerse a alúmina, elemento iste que é fundamental pra produción do aluminio. Acadarase unha fabricación inicial de alúmina

de 800.000 toneladas por ano, das coales, 400.000 adicaranse a fabricación, na mesma empresa, de 180.000 toneladas de aluminio, que após podería aumentada até 270.000 Tm/ano. As outras

400.000 toneladas de alúmina restantes serán consumidas por varias fábricas de aluminio españolas. Con todo elo serán superadas en moito as previsións feitas polo plan de desenvolvemento.

Todo isto suporá un aforro de 200 millóns de dólares anuais; creación de postos de traballo; pedidos pra industria nacional, así como a construción dun porto.

A creación desta industria daralle a provincia de Lugo (cuíña riqueza estivo até agora baseada no agro e na pesca) unhas 1.500 postos de traballo na propia fautoría, máis 6.000 indirectos, e unha zona de influencia que acadará a 25.000 persoas.

Pra industria nacional suporá a utilización de bens de equipo e alta tecnoloxía, amais da posta en obra de grandes traballos de construción civil. Vai a sere construído un porto en Cova Moura, con capacidade pra recibir barcos de até

70.000 Tm. que transportarán cada ano unhas 2.400.000 toneladas de bauxita. Gracias a iste proieuto situarémonos na produción de aluminio, ó nivel dos países máis industrializados do mundo.

ALUMINIO ESPAÑOL SA  ALUMINA ESPAÑOLA SA

General Sanjurjo, 4. Madrid-3 - Teléfono 448 42 00 - Telex 27342 ENDAL E

Luis Soto:

(I)

«O PCG non se aclarara»

Pra Luis Soto, galeguista de orixe, precursor do comunismo no País, fundador da Unión do Pobo Galego, antigo secretario de Castela nas Américas, «o erro fundamental foi non face-lo PCG (Partido Comunista Galego) hai corenta anos. Diso están convencidos, hoxe, os comunistas galegos, do enorme retraso con que foi constituído. Pro non foi culpa de todos eles, coas excepcións dos centralistas, que de todo hai no PCG. Por desgracia...» Dende os primeiros días da República, varios membros do PCE —en especial Benigno Alvarez e Luis Soto— teiman pra convencer á dirección central do seu partido pra que acceda á formación dun verdadeiro Partido Comunista de Galicia. Vanas pretensións, o cumio do PC non quere saber da cuestión. «Era moi boa xente —di Soto, agora—, xente pura a base de comunistas puros que sentían a Galicia moi perto deles.. Sempre hai excepcións, pro era moi boa xente. Sen embargo, non comprendían o problema nacional de Galicia: enriba deles estaba o centralismo do partido, o centralismo no cogollo».



XAVIER NAVAZA conversóu con el



O problema, entón, era este: «Caíase nunha banda ou noutra».

— Os galeguistas caían na cousa de que o problema nacional era o primeiro e que, iso da ditadura do proletariado, quedaba aló prós comunistas e obreiros e tal... Prós galeguistas, Galicia —a súa historia, o seu folclore, as súas virtudes, a súa paisaxe, o seu encanto, o amor á Terra...— era o limiar. Pro, somentes con iso, non resolvíamos nada. Quedabamos inquedos...

— ¿E os outros?

— Os internacionalistas proletarios decían: «Ben, o problema nacional está ben, pro primeiro está a revolución proletaria mundial e,

despóis dela, xa chegaremos ó problema nacional». Con todo, o asunto está en chegar á conclusión de que non hai primeiro, nin primario nin secundario, que as dúas cousas —o internacionalismo proletario e o problema nacional— son a un tempo, inseparabeis. Non se poden separar e, se isto pasa, xa hai unha desviación; de esquerda ou de dereitas, chámalle como queiras, pro é unha desviación. Se se separa o internacionalismo do problema nacional, hai unha desviación grave. E se se considera ó problema nacional como fundamental namentres o internacionalismo proletario non significa nada, entón amigo, entón é a perdición. Daquela estamos perdidíños.

MARX, «EQUIVOCADO»

— Moito despóis, 1964, nacéu a UPG.

— E foi a salvación. Mira, aquilo era moi difícil de levarlo á xente: ós comunistas e ós galeguistas. E cando xurdíu a UPG, tódolos galeguistas de esquerda coma o arquitecto Xosé Caridad Mateos e Carlos Velo, por exemplo, pasáronse a ela. ¿Por qué están na UPG? ¿Por qué son membros, hoxe, da UPG no grupo de México? Son membros da UPG porque viron que iso era o que eles desexaban, porque ese foi o anxeio deles de toda a vida, e o meu, de chegar a

compaxina-los dous problemas: o nacionalismo galego e o internacionalismo proletario. Claro que xente coma Caridad non era difícil de convencer, un verdadeiro estudioso do marxismo que ¡é notábel! facendo un traballo filosófico atopou un erro no «Capital» de Carlos Marx. ¡Un erro que non vira ninguén! ¡Fíxate se era estudioso do marxismo! Pois, Caridad, mandou o estudio a Moscú e felicítárono. Parece unha cousa... Xente así, claro, non era difícil de convencer.

— ¿Cómo tardou tanto en nacer a UPG?

Xosé Luis Méndez Ferrín está connosco e Soto, cando fala, siñá-lao co dedo:

— Pois vouche decir... O nacemento da UPG: A UPG, mira nacérona estes... Eu, daquela, era, era un heterodoxo no Partido Comunista diante das equivocacións da xente que non comprendía o problema logo de moito tempo de discusións e de explicacións. Xa era tarde, claro. Eu era un nacionalista e un marxista-leninista e, entón, claro, xa non podía permanecer nun partido que non era nacionalista. Eu tiña o problema moi claro logo de me facer, moitas veces, autocrítica. Pois ben, un día tiven a sorte de que me deixaran entrar no País, logo de que a miña familia me chamara, por unha daquelas amnistías parciais cando xa facía perto de vinte e cinco anos que eu non viña eiquí. Chegué no ano 60 e, nun café, atopéime con estes: pra min foi unha revelación. Resulta, penséi eu, que uns rapaces, outra xeración, pensan o mesmo ca min. ¡Estaba salvado! Foi coma unha revelación.

ESTAMOS SALVADOS!

— ¿Quén estaba naquel café?

— Eran Ferrín, Bautista, Reimundo Patiño, estaba tamén Bernardino Graña... Estaba alguén máis. Unha nova xeración e ¡qué ideas máis claras!

— Pro, deseguida, tiveches que voltar a México.

— Eu marchéi meditando e levaba as ideas. Faléi con Velo. E Velo deslumbróuse: «¡Pro atopaches a eses rapaces! —díxome Velo— ¡Pro iso é maravilloso! Pro, entón, ¡estamos salvados! Se ven unha xeración nova que comprende o problema nacional e comprende, tamén, ó marxismo-leninismo... Pro, entón ¡estamos salvados! ¡Todo está resolto!» Dende aquela, tódolos números de «Vieiros» falan

destes... Ben, en realidade, «Vieiros» débese máis a estes ca a min porque «Vieiros» renacéu deste coñecemento deles.

— Pro aínda non nacera a UPG.

— Despóis, no 64, voltéi acá. Vin directamente xunto deles, outra vez. Xa estivera no 62, pro agora, dous anos máis tarde, fómomos todos á Rocha e, nunha casa de comidas perto de Santiago fundámola UPG. Estes xa traían as ideas ben elaboradas e pronto estivemos todos de acordo porque xa todos teimabamos na conxugación do marxismo-leninismo co problema nacional. Admirabamos a Fidel Castro, a Ben Bella...

— Naquela xuntanza da Rocha estabades nove, ¿non sí?

— Estaba Arjona e a súa muller, Patiño, María Xosé Queizán, Ferrín, Bautista, Manuel García, traballador da construción, eu...

— ¿Non vos víxiaba a policía, alí na Rocha?

— No 64 non sabían nada, non. A policía chegou no 66: ¡Coño!, estabamos arrodeados de policías que entraban e saían disfrazados de albañís e cousas moi raras. Xa escomenzaban os controlos...

COMUNISTAS ¿GALEGOS?

— ¿En qué consistían aqueles primeiros momentos da UPG?

— ¡Home!, facer unha organización costa moito... Era moi difícil artellar todo ben, aínda que as cousas se facilitaban bastante porque estes sempre traballaron moi ben: Galicia nunca lles vai pagar a estes, Ferrín, Bautista, Patiño... e tódolos demáis e os que foron chegando logo. Galicia nunca lles pagará dabondo porque, mira, galeguizaron boa parte do Partido Comunista e fixeron posíbel a creación do que hoxe ven a se chamar Partido Comunista Galego, galeguizaron ós curas, galeguizaron a... Mira, dígocho con bágoas nos ollos, o PCG non existe endexamáis se ríon é polas presións e pola laboura destes, polo nacemento da UPG; se non é por estes, o PCG non é tal en quinientos mil anos, dígocho con bágoas nos ollos... E isto mesmo mo dixo Enrique Líster daquela, cando el foi á miña casa en México.

— Pro, o PCG, ¿realmente é un partido comunista galego?

— Ben, eu coido que ahí hai xente que, verdadeiramente, sinte a cousa de Galicia. Non se pode medir a todos polo mesmo raseiro, porque algúns son galegos e sinten a Galicia. O que pasa é que miran pró problema coma unha cuestión táctica e, entón, é a Autonomía e o que lles queiran conceder de Madrid, etcétera. Ven o problema nacional galego como unha cousa

táctica e non como unha cuestión de principio.

Soto engade, con firmeza:

— Se se pospoñen as cousas, claro, non se conquiren endexamáis. E se hai cuestións de principio, hai que poñelas en primeiro plano. Se non, estamos perdídiños... Entón, eu creo que hai xente no PCG que, verdadeiramente, é consciente. Pro tamén hai moitos outros que non sinten nada do problema galego e que poden ser españois; é posíbel que os haxa... Pro escoita, háinos que sinten a Galicia e ó problema nacional, sinteno aínda que non o asimilen moi ben porque, se o asimilaran, traballarían e actuarían doutro xeito.

GALICIA, UN SO PARTIDO

— ¿E certo que, segundo din algúns, houbo xente no cumio do PC, mesmo galegos, que se opuxeron á creación do PCG?

— Sí, houbo moita oposición dende sempre...

— ¿Mesmo, hoxe, dirixentes comunistas?

comunista pra face-lo PCG, foi el o que lle deu o pulo definitivo á cuestión ¿non?

— ¿Sempre por un problema táctico?

— Claro, resulta que o PCG, en realidade, está supeditado ó PC de España. Esta é a verdade. Claro, pra eles é moi fácil decir: «Un so Estado, un so Partido». E moi fácil a posición do PCE. Pola contra, ¿posición nosa? A nosa posición é a da xente que comprende o problema: «Unha nación, un Partido». ¿Cántas nacións hai en España?

— Galicia, Catalunya, Eusk...

— Galicia, Catalunya, Euskadi e o resto. Pois, logo, catro partidos comunistas independentes. Iso non falla. Coa solidariedade entre todos eles e o que queiras, coa solidariedade co galego co vasco e co catalán ou co do Afganistán... Todo o que queiras, pro independentes... Iso é natural e eu coido que a solidariedade internacional do proletariado é unha cousa fundamental dende as perspectivas marxistas-leninistas. Pro, na comprensión do problema están as diferencias, a distinción. E



— Sí, sí... Líster mesmo, por exemplo, estivo fortemente oposto.

— ¿Santiago Alvarez, por exemplo?

— Santiago... Santiago Alvarez viviu o problema. Eu non estiven nela, teño moi poucos datos da xuntanza inicial do PCG, pro Santiago Alvarez viu o problema. Viu que o P.C.G., era necesario, viuno polos contactos que sempre tivo con xente de eiquí, viu que era necesario face-lo PCG deseguida. Pro Líster estivo en contra: Líster é moi galego, fala sempre en galego; é moi enxebre, podíamos decir... pro, políticamente, non entende o problema así que, vaia, de pouco lle vale o que lle guste, por exemplo, falar tanto en galego... Non, eu coido, esta é a miña opinión ¿eh?, que Santiago Alvarez foi o que máis traballou dentro do buró

trátase dunha diferenza filosófica, política, estratéxica, táctica e de todo... España é un Estado multinacional, logo debería te-los partidos nacionais que lle corresponden... Pro nada, non se remata por resolve-la cuestión. Este é o problema.

«De calquera xeito —engade Luis Soto—, o panorama avanzou moito gracias a estes e, entón, galeguizáronse os socialistas, os curas, todos... Todo isto débese, fundamentalmente, á UPG. E lamentábel todo isto que pasa agora na UPG, todas estas cousas que non se entenden ben...»

Próximo número:
«Luis Soto:
UPG na encrucillada»

A diáspora de Soto

Cando Luis Soto, nado en Vila-nova dos Infantes (Ourense) calquera día de nantronte, responde arredor dunha pregunta sobor do seu traballo na diáspora di que «unha das labours máis trascendentes foi a dirección, durante máis de vinte anos, dunha emisión de Radio totalmente en lingua galega, dúas horas tódolos domingos á hora do xantar». «Esta emisión —engade Soto— alporizou á gachupinada franquista en México de tal xeito que, a xente honrada, irmanouse co Patronato da Cultura Galega e, os pillos e sinvergoñas, ficaron ó descuberto nas súas posicións de ex-lumpen e de analfabetos novorricos fascistas: a caousa fíxose tan tensa e vital prá nación galega que a súa excelencia, o ministro de Información e Turismo, don Manuel Fraga Iribarne, tivo que facer un viaxe a México e de incógnito pra calar á emisión. As estacións de Radio, daquela, foron ameazadas coa suspensión da súa mantenza privándose dos anuncios dos viños, coñás, cervexas, turróns e demais asuntos dos empresarios españois de México, Xerez da Franteira, Toledo, Madrid...». «Hai un documento exquisito —di Soto— de Fraga onde se di que, os galegos do patronato, botamos vinte anos «injuriando a Patria», cando sómos-los máis afervoados e conscientes defensores da Galicia, das Españas e do mundo humanístico e revolucionario».

VODKA E SOLIDARIDADE

No 36, logo de moitas e dramáticas peripecias, Galicia baixo do

fascismo, Luis Soto consegue chegar a Francia. De alí, a Valencia, onde se atopa o Goberno da República. Pasa un ano e, xa no 18 de xullo de 1937, incorpórase á Comisión Executiva de *Federación Española dos Traballadores do Ensino* (FETE). Dirixe «*El Magisterio Español*» e visita os frentes onde están, con Líster, os combatentes galegos.

«En Valencia axúntanse os galegos no Café Vodka. E un lugar de reunión prós compañeiros que veñen ou van ó frente, dos que chegan de Galicia fuxindo do bando franquista, dos que veñen da América... Alí chegan, a diario, Castelao, Casares Quiroga, Portela Valladares, Suárez Picallo... Por alí pasan Enrique Líster, Santiago Alvarez... e non hai galego da zona leal que non se achegue ó Vodka».

Soto, preocupado polo problema nacional galego e as súas implicacións sociopolíticas, organiza unha asamblea no Vodka e constitúese a Solidaridade Galega Antifeixista: a ela acuden os soldados que están con permiso e tódolos políticos galegos, deputados, dirixentes sindicais... Democráticamente, é elixida a Xunta Directiva. Secretario xeral, Luis Soto. SGA vai ós frentes artella actos da galegitude e, mantendo contactos con América, intervéen en «*Nueva Galicia*», periódico do Quinto Corpo do Exército republicano.

CASTELAO, AMIGO

En xullo do 38 o Goberno dispón que Castelao, que ven de regreso da súa visita á Unión Soviética, saia prá América pra se comunicar

cos españois e, limiarmente, coas colonias galegas. Propónelle a compañía dalgún compañeiro galego. Refuga algúns nomes e solicita que Soto sexa o seu colaborador. Soto, días despóis, xúntase con Daniel en París onde se está a piques de celebra-lo Congreso Europeo Antifascista presidido por Churchill. Luis Soto, delegado no Congreso, participa como representante da FETE e da *Internacional dos Traballadores do Ensino* (ITE). Pouco máis tarde, é nomeado representante desta última organización prás Américas.

Sae pra New York como secretario de Castelao: «En verdade —di Soto— era un deficiente secretario. Fun como colaborador, segundo o Goberno; como compañeiro, dixó Castelao; como admirador e amigo, digo eu mesmo...». Ademais, Soto vai como representante da *Federación Galega do Ensino* e da *Unión Xeral de Traballadores* (UXT); ó mesmo tempo, secretario de *Solidaridade Galega Antifeixista*. Múltiples delegacións, pois, por terra de América.

EN LOITA

Chegan, xa, os longos anos do exilio. O ex-director da *Asociación de Traballadores do Ensino de Ourense* (ATEO) e da *Escola do Traballo*, edita «*El Eco*» na Arxentina. Logo, redactor de «*España Popular*» e «*Nuestra Bandera*» en México. E novas publicacións: «*Educación*», «*Boletín Antifeixista*», «*Saudade*», «*Loita*»...

«*Saudade* era bilíngüe —comenta Soto— e, aínda sendo unha esgrevia revista tiña un feble tono po-

lítico e cultural... «*Loita*» ía se-la primeira publicación totalmente en idioma galego no mundo galaico, xunto coa desaparecida «*Nós*». A valencia política e cultural de «*Loita*» foi aleccionadora nun intre no que, nin vascos nin cataláns, tiñan publicacións monolíngües. Eu dirixín dous anos «*Loita*», logo chegaron outros turreiros...».

OS VIEIROS

Xa en 1939 nacía o «*Lar Galego*». Dous anos máis tarde, 1941, creábase a *Alianza Nacional Galega*: «Foi o único exemplo de unidade política que se puido arranxar na emigración —salienta Soto— e o seu Manifesto, dirixido ós galegos do mundo enteiro, estaba redactado nos seguintes termos: admisión ou integración, somentes, dos partidos nacionais galegos; defensa da nacionalidade diferenciada de Galicia baixo do principio da autodeterminación; periódicos e publicacións monolíngües, sen concesións; mobilización dos galegos de Europa e das Américas prá axuda dos movementos clandestinos en Galicia; solidariedade con tódalas organizacións antifascistas españolas...».

En 1945, como entidade nacionalista cultural e política, fúndase o *Patronato da Cultura do México*. Secretario xeral, Luis Soto. Carlos Velo, Antonio Yáñez, Xosé Caridad, Gonzalo Leboeiro, Carlos Fernández, Hilario Caloto..., entre doutros, son algúns dos homes. Pasarían catro anos pra que, en 1959, saíra o primeiro número de «*Vieiros*»: «A máis importante publicación —di Soto— literaria e sociolóxica do mundo galaico e da que, pronto, saíra a segunda época».



Euzkadi berróu azkatasuna

Cinco días de loita pola amnistía costáronlle ó País Vasco sete vidas. Euzkadi convertíuse, entre o 12 e o 17 de maio, nunha inmensa fogueira de pasión pola amnistía. *Presoak kalera e amnistía orokorra* eran gritos que saíron de tódalas gorxas en Donostia, Bilbao, Rentería, Pamplona, Vitoria e outros sitios de Euzkadi e de Navarra.

TEIMA coidou que era necesario obter información de primeira man e mandou aló un enviado especial. PERFECTO CONDE recorreu a provincia de Guipúzcoa en busca da información.

A MORTE, OUTRA VEZ

O repoteiro non vira cousa semellante dende as barricadas do maio francés. Bilbao, dende o seu mesmo cogollo do Arenal até os barrios periféricos de Cruces, Baracaldo, Sestao e Portugalete, era unha pila de troncos, ferros, barandas e postes que ardían moitas veces coma se fora aquilo unha inmensa, repetida e dramática fogueira de San Xoán. «Estamos aquí —dixeron a TEIMA rapaces galegos que se atopaban nas barricadas de Cruces a noite do venres 13— porque comprendemos que a loita do pobo vasco é tamén nosa por varias razóns e, unha delas, porque aquí é onde gañaron o pan os nosos pais e onde o gañamos agora nós». Outros emigrantes galegos mostraríanse, noutante, moito máis conservadores cando opinaron que «todo isto non é ás veces máis ca ganas de facer bulla e de non traballar». Nas colonias galegas de Baracaldo e Sestao decatábase ún de que o que estaba a pasar na semana da amnistía non era moi do gusto dos habitantes daqueles barrios.

O domingo 15 amencéu de cor absolutamente gris. E non era somentes polas nubes industriais (o smog) que sempre ten Bilbao d arriba das súas costas. Concretamente no Arenal, diante do teatro Arriaga e nas rúas próximas, centenaes de policías armados até os dentes controlaban moreas de persoas que trataban de cruzar a praza pra ir ás súas casas. Había unha manifestación convocada pró mediodía e o lugar apareceu de boa hora tomado militarmente polas forzas antidusturbios que se presentaron provistas dos máis sofisticados trebellos. «Por aquí non pasa ninguén», contestou malhumorado un sarxento á xente de TEIMA que

trataba de toma-lo seu coche aparcado fronte ó teatro. En dez minutos houbo que sufrir dous rigurosísimos controles dos que foron parte minuciosos rexistros e cacheos dos dous homes de TEIMA que foron introducidos nun portal a punta de metralleta.

Aquel domingo a cidade estaba valdeira. Non había nin onde comer. Bares, cafeterías e restaurantes pecharan na maior parte e milleiros de ikurriñas ondeaban desafiante dende as ventás e os balcóns con berros de «Amnistía». Ninguén falaba doutra cousa que non foran os sucesos daqueles días e da necesidade de sacar ós presos das cadeas. Non había xeito de pousa-los ollos nas paredes sen que apareceran letreiros alusivos ó que estaba a pasar dende había cinco ou seis días.

En San Sebastián non se vía un alma pola rúa o 15 pola mañá. Quedaban restos das manifestacións do venres e do sábado e dos fortes enfrontamentos coa policía. Rentería, Amorebieta e outros lugares próximos aparecían cala-



«O QUE SE VAI CONSEGUINDO
E UNHA CONQUISTA DO POBO»



ESCENAS DEMASIADO FRECUENTES EN EUSKADI

dos á hora de comer mentres caía sobre os seus tellados unha chuvia fina que atravesaba os osos. En todos eles, houbera moito que ver nas tardes dos derradeiros días da semana da amnistía.

O luns 16, nas primeiras horas da maior folga xeral que viu Euzkadi, ninguén acertaba a dar creto ás noticias que chegaban de Pamplona encol da morte de Xosé Luis Cano. Este traballador do diario donostiarra *La Voz de España* fora á capital navarra de vacacións. Estaba nun bar da rúa Calderería e asomóuse á porta cando ouviu fóra ruído. Chegou un policía armado e agarróuno cunha man por un brazo mentres lle pousaba o cano da pistola no pescozo. Un tiro mortal levoulle a súa vida. Non foi só Xosé Luis Cano. Outras seis persoas tiveron que morrer na loita do pobo vasco pola amnistía.

En Donostia, en Rentería, en Pamplona, en Ortuella o sangue regóu o asfalto entre o xoves 12 e o luns 16 de maio. Sete mortos en total e varias dúzias de feridos, algúns deles de maneira misteriosa abondo, segundo contaron testigos presenciáis e segundo recoñeceu mesmo o gobernador de San Sebastián cando anunciou que se poñía en marcha unha investigación sobre os sucesos de Rentería. «Esta amnistía que temos que arrincar cacho a cacho —diría a TEIMA unha moza de Amorebieta— estános custando demasiado sangue. O goberno vese que non lle importa moito».

A NAI DE EMILIO GOITIA: «OS POLICIAS SON OS QUE FAN A GUERRA»

Nas aforas de Amorebieta, nun case-ría típico do País Vasco, vive Eusebia

Batiz, a nai do etarra Emilio Goitia preso dende agosto de 1975 cando calu en Guntín (Lugo) con Iñaki Villanueva e con outros familiares da UPG. Poucas horas antes de saír en autobús pra Madrid, onde trataría de encadearse na Gran Vía con outros familiares de presos vascos, falou amábelmente co enviado de TEIMA.

«Pra nós foi un golpe moi grande —dixo— cando levaron a Emilio á cadea. Enterámonos pola televisión de que o detiveran en Galicia e, dende entón, non parou a miña anguria. Non entendo por qué o Goberno non concede a amnistía xa que a prometéu. Sería o millor que podía pasar pra todos, porque, se non a hai, en Euzkadi non teremos nada de paz e haberá loita».

Nai doutro fillo que tamén estivo preso, 53 anos, Eusebia Batiz non garda rencor pro fala co corazón apretado. «Estos rapaces —di referíndose á ETA— están loitando pola liberdade do pobo e o pobo ha ser quen os saque da cadea. Polo Goberno non saen. Estamos no momento en que se debe esixir e non pararemos até conseguí-la liberdade dos nosos fillos e de tódolos presos de Euzkadi».

Pra comenta-los sucesos ocorridos na semana da amnistía, a nai de Goitia contesta que o «Goberno non pensa máis ca en poñer policías e policías por tódolos sitios». «A policía —engade— non abonda pra garantizala paz. Na miña mocidade había policía pro eran moitos menos e eran outros policías, os foráis que lles chamábase; agora, hainos a moreas e eles son os que nos forman a guerra. Eu o que digo e que menos corpos represivos e menos explotadores e máis liberdade pra todos».

Eusebia Batiz veu a Galicia cando o seu fillo estivo preso na cadea da Co-



«TEÑO MOI BOS RECORDOS DE GALICIA»

ruña varios meses. «Tratáronme moi ben os familiares dos presos políticos galegos que habla con Emilio —conta agora— e gustóume moito o seu país. ¿Xa non teñen vostedes a ninguén na cadea? Iso é unha sorte».

IÑAQUI VILLANUEVA: SER VASCO E NON ESPAÑOL

Iñaki Villanueva. Nacido hai 23 anos en San Sebastián. Militante de ETA (Euzkadi Ta Askatasuna), actualmente na rama político-militar. En 1973 sufríu a primeira cadea que o privou de liberdade por un ano e oito días. Tivo que refuxiarse en Euzkadi Norte nalgunha ocasión. En agosto de 1975 veu a Galicia, con Emilio Goitia, pra ensinar A Unión do Pobo Galego (UPG) as prácticas da loita armada. Durante pouco máis dun mes ensinou ós galegos a colocación de bombas, o manexo das armas, a poñer petardos e a practicar outras accións. Participou no atraco á Caixa de Aforros de Lugo (300.000 pesetas) e no da oficina dos documentos de identidade, tamén en Lugo (20.000 carnets en branco). Andivo entón por Lugo, Ferrol e A Coruña. O 11 de agosto de 1975 foi detido pola Guardia Civil en Guntín (Lugo) cando se dirixía a Santiago acompañado polo *etarra* Goitia Batiz e polos militantes da UPG, Xosé Ramón Brañas e Xan López

Alvarez. Estivo na cadea da Coruña até o pasado mes de marzo.

Na súa casa de San Sebastián sosti-vo esta conversa con PERFECTO CONDE.

Villanueva, ¿qué recordos gardas en xeral dos presos políticos que coñeciches e trataches na cadea da Coruña, dos nacionalistas galegos?

—En xeral, moi bos recordos.

—¿Tivestes diverxencias nos vosos puntos de vista na medida na que volos deixaron intercambiar na cadea?

—Podíamos ter diverxencias de loita armada, se se quere. De tódolos xeitos eu comprendo que o proceso é diferente en Euzkadi e en Galicia, pro xa lles vin que se botaran un chisco para atrás. A nivel ideolóxico, coincidíamos en tódolos puntos de vista ou en case todos, menos nese no que nós seguíamos pra adiante e eles abandonaban a loita armada. Quero puntualizar, noustante, que isto igual coincidía cun momento de *impasse* e que se cadra supuxo pra eles un duro golpe aquela caída de agosto do 75.

LOITA ARMADA EN GALICIA

—Na túa opinión, ¿qué pasaría en Galicia se se tivera plantexado e proseguido tamén o problema da loita armada?

—Eu considero que tódolos pobos oprimidos, tanto nacional coma socialmente, teñen condicións obxectivas —e as subxectivas é cuestión de creal-as— pra levar adiante a loita armada. O problema é cuestión de sacalo adiante e de empezar. E de empezar por baixo, moi pouco a pouco, concienciando á xente. Concretamente os pobos que teñan problema nacional, a nivel militar, é cuestión de empezar destruindo monumentos de carácter fascista, de opresión nacional, etc., e, de ahí, ir avanzando pra que o pobo siga adiante.

—¿Qué importancia lles das tí ós acordos que houbo en 1975 entre a Unión do Pobo Galego (UPG) e máila vosa organización ETA?

—Pra nós teñen significado moito. Significaron rompe-la teoría aquela de que Euzkadi soa podía face-la revolución sen contar cos demáis pobos. Cando quixemos romper isto, demostróu-



EN AMOREBIETA, A SUA VILA, PIDEN A LIBERTADE PRA EMILIO GOITIA

senos que a revolución faráse indudábelmente en Euzkadi e faráa Euzkadi soa, tendo en conta o seu nivel revolucionario, pro terá de ser feita en solidariedade cos demáis pobos do Estado Español.

—Nembargantes, aquel intento de abrir en Galicia unha vía revolucionaria armada fracasou. ¿Por qué?

—O fracaso, a nivel práctico, débuese ó famoso Gorka, un infiltrado en ETA que fixo que caíramos Willson e Txiqui en Cataluña, unha semana despóis Goitia e máis eu en Galicia e aínda máis tarde, Eskerra, Moncho e tódolos demáis en Madrid. Gorka era un policía infiltrado, natural de Basauri, do que agora non sabemos nada. Creemos que foi precisamente él quen lle pegou o tiro na testa a Moncho en Madrid. Era un tío que soubo infiltrarse ben e que fixo moito mal á organización.

—Outra cousa. A UPG parece que abandonou a loita armada pra adoptar unha política distinta que comprende mesmo a súa presentación ás eleccións de maneira indirecta. ¿Tí cómo ves isto?

—Eu non son quen pra opinar sobre o que lle pasa á UPG. A práctica está demostrando que abandonaron totalmente a loita armada. Aló eles se continúan este abandono e non sei se, a nivel de estrutura ou de loxística, seguirán traballando. O que vexo é que, a nivel práctico, abandonaron un camiño que non deberon deixar. E tampouco os podemos criticar radicalmente no senso de que estamos en circunstancias moi diferentes ás que había hai dous anos. Entón estábamos nun fascismo e agora estamos nun momento que se podería chamar de *impasse*, no paso dun fascismo a unha certa democracia burguesa.

—¿Tes algunha idea da crise que se orixinou ó redor da UPG?

—Non, non teño idea.

—Parece ser que algúns vellos militantes nacionalistas que hoxe xa non están no partido acusan de reformismo á actual dirección de UPG partindo da base de que é necesario promover a creación do auténtico partido comunista de Galicia. Precisamente nestes días a polémica está na rúa con posturas que fan aparece-lo nome da UPG en contra e a favor das eleccións.

—Eu debo decir que agora non teño contactos abondos con Galicia pra sabe-lo que está a pasar. De tódalas maneiras, estou de acordo en que a postura correcta pra Galicia ten que vir dada en función de que se cree nela o futuro partido comunista galego que teña en conta a loita armada. A solución, en principio, véxoa na creación deste partido pro que no sexa somentes comunista senón tamén galego, sen esquence-la loita armada.

REBOIRAS, MORRER POR GALICIA

—Tí coñeciches a Reboiras, ¿qué che pareceu?

—Coñecíno persoalmente e considéoo o millor galego que coñecín. Un home que foi capaz de morrer por unha Galicia independente e socialista. Reboiras demostrou que o pobo galego, porque él era do pobo galego: capaz de loitar pra ser ceibe.

—¿Chegaches a intimar con él?

—Non, a intimar non. Así estar estar, con él estaría quince ou vinte días cando Goitia e máis eu fomos a Galicia pra prestar axuda técnica á UPG. Pasamos xuntos momentos malos e bos. A nivel ideolóxico, parecúeme o millor que había entón.

—Tí sabes da existencia da Asamble Nacional Popular Galega.

—¿Qué che parece?

—Polas noticias que teño dela, pa-

OS PAUS E AS CARREIRAS QUE TANTO COÑOCEN OS VASCOS



pobos ibéricos

receme un plantexamento correcto neste intre pra Galicia.

—¿Tiveches contactos con algunha outra organización política do País Galego?

—Con ninguén máis.

A LIBERACION NACIONAL NOS POBOS DO ESTADO

—¿Cál é a túa opinión encol dos movementos de liberación nacional que poida haber agora no conxunto do Estado Español?

—En fin, o que se está vendo concretamente en Euzkadi é un posicionamento pola parte do pobo cara ó problema nacional. A xente está pasando da fase pasiva aquela do fascismo a unha fase activa. O motor revolucionario, o motor que está a facer tódolos cambios é o problema nacional tendo en conta que este problema ven dado como produto da loita de clases. Temos exemplos tanto na Bretaña coma en Córcega, en Irlanda, Euzkadi, Angola, Galicia ou Cataluña. Onde verdadeiramente hai movementos, onde hai enfrontamentos directos —que é o que importa—, mesmo sen que a xente saiba ben por qué se enfrenta, é onde o problema nacional adquire conciencia de si mesmo e se convirte no motor da revolución sen esquite-la loita de clases.

—Neste senso, ¿quén leva a vangarda na Península Ibérica?

—Está ben claro que a levamos en Euzkadi.

—¿Cómo interpretas esta explosión de *Ikurriñas* (nas ventás, en tódolos sitios) que houbo na semana da amnistía?

—Como explosión do sentimento nacional vasco o que non significa nin moito menos conciencia nacional. As aparicións masiva da *Ikurriña* significaron realmente unha explosión dende o intre en que nos deixaron unha serie de liberdades mínimas. A xente demostrou que é vasca e que non é española.

—¿Cómo ves a alternativa canaria? ¿O MPAIAC de Cubillo, por exemplo?

—A mín paréceme que Cubillo considera a Canarias España cando a correlación de forzas non é así nin moito menos. A correlación é o pobo traballador canario e a oligarquía española en tanto que oprime nacionalmente. Coido que están plantexando a cousa moi mal. O outro día lía nunha revista o que pasou nunha sala de festas onde uns canarios empezaron a chamar godos e cabróns ós españois que estaban alí polo simple feito de seren españois. Non se plantexa así a cousa.

O PAPEL DE FRANCIA

—Vós aquí en Euzkadi Sur tivestes a posibilidade de refuxiarvos en Euzkadi Norte e en Francia. ¿Qué importancia tivo isto prá revolución vasca?



«O MOTOR REVOLUCIONARIO E O PROBLEMA NACIONAL»

—Foi moi importante contar con esa posibilidade porque a diferenza entre Euzkadi Sur e Euzkadi Norte é total. Eu diría que a situación de Bretaña, Galicia e Euzkadi Norte é idéntica. Teñen un problema colonial, teñen os mesmos problemas. Euzkadi Norte, tanto coma Galicia, ten emigración; cada ano emigran a Francia cinco mil persoas e alí non hai xuventude. A maioría de xente ten sobre os 35 ou 40 anos. Aparte diso, está a influencia que pode xogar unha democracia burguesa que ós de Euzkadi Norte deixoulles a *Ikurriña* e deixoulles se expresar un chisco pra conseguilo que quería, que era en gañalos.

—¿Qué significado tiveron as deportacións de refuxiados políticos vascos á Illa de Yeu dende os seus domicilios de Euzkadi Norte?

—En primeiro lugar, significaron que a burguesía non ten fronteiras, non ten patria. E logo que Francia, a pesares de tódalas súas declaracións de *égalité, fraternité* e non sei cantas cousas máis, despois de todo, están pra ela os intereses económicos. Francia foi tan fascista coma o Estado Español nos momentos de crises e rompéu coa súa legalidade burguesa pra deportar, sen razón ningunha, ós refuxiados vascos. Por detrás de todo, estiveron intereses económicos como foron as posibilidades de venderlle a España o seu sistema de televisión en cor ou os seus avións.

AS RAMAS DA ETA

—A xente non sabe moi ben como é isto da ETA. Hai distintas ramas. ¿Cómo é exactamente?

—Na actualidade, temos dúas Etas. A político-militar e a militar. Os da político-militar acabamos de potenciar agora o partido EIA que é o partido prá



A EXPLOSION DA IKURRIÑA

revolución vasca e que se declara comunista e independentista. ETA político-militar váise adicar á loita armada e a función primordial que temos é a de xuntarnos coa ETA militar e formar unha soa que, cos mesmos puntos básicos de antes, mesmo cun certo clareamento ideolóxico, remate con aqueles bandazos populistas de orixe pequeno burguesa de pegabamos hai tempo. Hai que centra-la loita armada e non facela coma antes por derriba de todo senón dependendo do momento e da conxuntura política.

—¿E aquilo da ETA VI cando se xuntou coa Liga Comunista Revolucionaria?

—Pra mín que iso non tivo ningunha importancia. Xuntáronse hai anos e aínda hoxe non teñen raigaña ningunha dentro da clase obreira. O que estóu vendo é que toda a súa militancia que-

da entre os estudantes. Obreiros case non teñen e non son capaces de levar adiante unha folga.

PRESOAK KALERA: BERRAR POLA AMNISTIA

—¿Cómo ves tí o problema da amnistía?

—A verdadeira amnistía, a total, soamente se dará cando haxa un cambio radical e total no Goberno. O que deron foron indultos parciais e o que está ben claro é que non haberá amnistía total sen derrocar ó actual poder. Agora ben, eu estóu convencido de que, nun prazo de medio ano, imos conseguir sacar das cadeas a tódolos presos, o que non significa a amnistía total porque poden voltar a entrar na cadea porque seguen as mesmas leis. O que se vai conseguindo, en todo caso, é unha conquista do pobo polas súas mobilizacións e pola súa loita.

—Pareces optimista sobre as condicións obxectivas da revolución. Realmente, ¿imos ve-la conquista do poder popular os que temos agora menos de corenta anos?

—Persoalmente, eu son optimista e



P. CONDE

«A BURGUESIA NON TEN FRONTEIRAS, NON TEN PATRIA»

pobos ibéricos

penso que, a nivel de Euzkadi polo menos, un cambio non total pro cambio á fin e ó cabo ímolo ver de aquí a quince anos.

—¿En qué te basas pra pronosticar este prazo?

—Básome principalmente na práctica que se está a levar en Euzkadi. Dende o proceso de Burgos, que foi a primeira vez que se rexistrou unha movillización xeral con folga xeral e cunha serie de enfrontamentos, pasamos por fases nas que a ETA foi o principal protagonista en tanto que o pobo adoptaba unha maneira pasiva. Chegamos a 1975 e empezaron as execucións de policías e demais admitíndoas o pobo. En setembro do 75, cando foron asesi-

das súas posturas a favor das eleccións e apuntan cara a un boicot activo. Haberá boicot e abstención activa, claro que sí.

— Noustante, políticos coma Enrique Múgica deixaron ben claro que, con amnistía ou sen ela, írían ás eleccións.

— Resulta evidente que xente así vai asistir. A súa postura é a de sempre. Aquí témo-lo Partido Nacionalista Vasco (PNV), o PCE e o PSOE que foron a Madrid e negociaron. Temos un Julio Jáuregui, do PNV, que andivo decidindo que ía representando ós presos vascos, cousa que era mentira porque os do PNV son uns traidores tanto a nivel nacional, porque non dan solución a

e dos seus sete puntos. Cando ven que a xente toma posición cara ó problema nacional, eles tamén.

A POLITICA DA ETA

— ETA está a facer tamén traballo político. ¿De qué maneira plantexa este traballo?

— En principio, ETA vaise restrinxir nada máis cá loita militar. Fíxose un plantexamento no que se considerou que, a pesares de ter loitado moi pouco no terreo político, a nivel práctico ETA foi a vangarda ideolóxica e política revolucionaria que houbo en Euzkadi. Non estivemos como estiveron por exemplo outras organizacións man a man nas fábricas cos obreiros, loitando con eles nas fábricas, pro démo-las liñas mestras ideolóxicas que, consciente ou inconscientemente, seguía o pobo. De tódolos xeitos, o cambio ó que se asiste significou replantexamentos da nosa actuación política e de ahí ven o feito de que ETA político-militar creara o partido EIA. A práctica estános demostrando que o protagonismo xa non está nun grupo ou organización política senón que o está levando o pobo coa súa loita política.

—¿Cál é a zona de Euzkadi onde a ETA ten máis raigañas, máis popularidade?

— A zona de Goyeri que é a parte de Zumárraga, Beasain, Villafranca de Ordicia, etc., na provincia de Guipúzcoa. Alí hai lugares de 500 habitantes que teñen ó millor 20 exiliados e 10 encadeados, como sucede en Ataun concretamente. Ataun foi o lugar que menos votou en todo o Estado Español.

— Do resto, ¿quén entende millor o problema vasco?

— Pode ser Cataluña pro non nos entende moi ben. O problema nacional catalán está plantexado dunha maneira algo burguesa. A nivel práctico, eu estoo convencido de que van ser Canarias e Galicia con quen nos imos identificar máis.

— ¿Cáis son as organizacións políticas coas que gardastes boas relacións?

— A nivel estatal, tivemos relacións coa UPG, co FAC (Front d'Alliberament Catalá) e co PSAN. De fóra do Estado, co IRA, cos tupamaros, con Arxelia, coa Bretaña, etc.

— ¿Cómo ves ti hoxe o problema do idioma en Euzkadi?

O EUSKERA

— O *euskera* colléu un pulo terríbel nos últimos tres anos se comparamos cos dez ou quince anteriores. Actualmente, a maior parte da mocidade, eu diría que o 70 por cento, está aprendendo o idioma vasco, outra porcentaxe alta fálao e ráchouse xa con aquela tara de que falar *euskera* era pertencer a unha etnia ou a un pobo inferior. Hoxe fálase mesmo pra provocar e o

uso do *euskera* constitúe unha especie de afirmación nacional. Na práctica vese isto no xurdimento de *ikastolas* en tódolos pobos.

— Ti considérase un revolucionario. Como tal, ¿cál foi o feito máis importante da túa experiencia?

— Por exemplo, cando estábamos na cadea saber das movilizacións que houbo en Euzkadi a favor dos presos políticos vascos e ter en conta que o 90 por cento eramos *etarras*.

— ¿Qué acusación grave lles farías a outras organizacións políticas do campo da esquerda?

— En primeiro lugar, con respecto á esquerda estatalista-españolista, a súa traición ó problema nacional. Cando polos anos 67 e 68 o PC e tódolos demais admitían somentes a autonomía, chegan os anos 72 e 73 e admiten a autodeterminación. No 77 algunhas organizacións españolistas empezan a falar xa de independencia pra Euzkadi. Estas declaracións non se deben a un cambio de mentalidade nas direccións dos partidos, sobre todo nos casos do PC e da LCR. E do Partido Carlista xa non falemos. Todo foi chaqueteo e oportunismo político. Estáse vendo que a bandeira dos *abertzales*, a *ikurriña*, foi negada hasta hai dous anos por tódolos partidos que non se preocuparon máis que de sacala súa. Hoxe sacan todos a *ikurriña*. ¿Por qué? Porque o pobo está a comprender-lo problema nacional e isto obriga ós partidos a ir detrás.

— Partindo da base de que, a nivel social, os galegos están tanto ou máis



IKURRIÑA, SEMPRE

nados Otaegui, Txiqui e os tres do FRAP, o movemento xeral en Euzkadi foi terríbel, en Europa tamén, cunha serie de solidaridades inesperadas. No 76 houbo sete folgas xerais e chegamos ó 1977 cos enfrontamentos directos na rúa nos que se mantén á raia ás forzas de ocupación con tiragomas e con pedras. En todo este proceso a función de ETA está pasando a segundo termo e o protagonismo empeza a telo o pobo pro a nivel xa práctico.

AS ELECCIONS

— Falemos das eleccións xa que son un tema ben actual.

— Bo, xa se sabe. ETA militar anunciou que, se non había amnistía total antes do día 24, empezaría as accións militares. A opinión da rama político-militar é a mesma e con respecto á esquerda *abertzale* (patriótica) sucede algo parecido. A Coordinadora Abertzale Socialista (KAS) di que, se pro 24 non saíron tódolos presos e non hai as mínimas liberdades democráticas coa legalización de tódolos partidos, apoiará á ETA en tódalas súas accións ó seu nivel político. As mesmas organizacións españolistas ou estatualistas, ó velo movemento popular que está habendo en Euzkadi, empezan a retractarse

este problema, coma a nivel social porque son uns burgueses que están enganando ó pobo. Enrique Múgica segue a liña deles, vai a Madrid pra negociar as eleccións.

— ¿Coidas que non se dan siquera as condicións mínimas que serían desexabeis pra estas eleccións que están convocadas?

— Non se dá ningunha. E o feito está ahí demostrado cando en Villabona, un pobo da provincia de Guipúzcoa, foron detidos militantes do EIA por retartir propaganda e ingresados na cadea de Martutene.

— ¿Qué pode pasar se o Goberno non cede e se entra novamentes nunha fase de loita armada?

— Non é doado preve-lo que pode pasar. Todo depende das movilizacións que poida haber en favor da amnistía e das liberdades políticas.

— ¿Qué papel xogan nisto os partidos estatualistas de esquerdas? Refrome ós que teñen dependencia estatal aínda que se autodenominen de Euzkadi.

— O PC de Euzkadi, por exemplo, non é máis ca unha sucursal, igual ca en Galicia ou en Cataluña. O que sí está demostrándose, aparte dos casos do PC e do PSOE, é que tódolos demais partidos están entrando na liña da KAS



EUSEBIA BATIZ AGARDA O SEU FILLO

oprimidos cós españois, as súas actuacións están lóxicamente condicionadas por esa opresión. A súa posición en Euzkadi, tanto encol do problema nacional coma do problema social, é de pasividade e mesmo ás veces de non comprensión da loita nacional vasca. De tódalas maneiras temos exemplo da participación dos galegos nas folgas xerais e noutras loitas.

— ¿Tes ganas de voltar por Galicia?

— Moitas. Pra min Galicia foi unha experiencia fundamental e, dende logo, identifícome totalmente co seu pobo.

vieiros



Sempre é unha satisfacción chegar a Cacabelos, e máis nesta época, cando hastra os camiños están cheos de cereixas; pro esta vila, fundación do noso Xelmírez, aínda pode darnos outras agradabeis sorpresas. De sutaque, un levanta a vista e ve un carteliño que nos leva, sen dúbida, ó bo viño; logo dese ven outro, e outro, e se ese ún ten boa vontade e os segue todos, éte eiquí que se atopa nunha auténtica adega onde pode toma-las chiquitas, colleita propia, a dúas pesetas. Esta é a segunda satisfacción e non a meirande: o home que atende o choio ten ganas de falar e, de súpeto, vostede comprobará que está ante unha xente e unha fala familiares; comprobará que eses puntos e raias que nos chantaron no mapa non existen, pásalles coma ós da Soledad Bravo. E de existiren deberían estar ben máis pra aló, polo menos en Ponferrada (asegúranme que allí antes falaban galego: de non ser así terían que falar leonés e non castelán, non sei se me explicó).

O BIERZO, UN ANACO DE GALICIA

Está un no corazón do Bierzo, unha terra que segundo os límites administrativos xa non é de nos, pro na que viven unhas xentes que falan, pensan, viven e sinten en galego; unha xente que non lle dá a ún en canto chega que eles non falan o galego ou que falan un chapurrado que ninguén entende; un pobo que afirma a súa galegüidade



PALLOZA DE PARADASECA

Os galegos, que tanto sabemos dos olvidos do mundo, deberíamos botar a cotío unha ollada de irmandade a eses outros galegos, aparentemente en terra de ninguén, esquencidos de propios (nós) e extraños (leoneses e casteláns). A división decimonónica en provincias afastounos de nós.

Viaxe a unha terra esquencida

M.^a DO ROSARIO ALVAREZ BLANCO

ante a nosa visita. Esta e outras terras, que chamamos Galicia Exterior, foron sempre reivindicación dos nacionalistas galegos, anque hoxe parezan estar un pouco esquencidas.

Unha visita a eses galegos que están do outro lado dos puntíños, pro non fóra de Galicia, sempre paga a pena. Non falamos xa das vilas, coma Cacabelos ou Vilafranca, que máis ou menos conocemos por atopárense na carretera camiño de Ponferrada. Pra descubri-la zona ún pode marchar contra o Norte camiño de Paradaseca do Bierzo, onde quedará sorprendido da solidariedade humana dunha xente que lle ofrecerá a casa pra que descanse; cura non hai, que vive un ou dous axuntamentos máis pra abaixo e só ven prós enterros se lle pagan o taxi, pro a chave pra ve-las pinturas anda pola casa dalgún veciño. E se vostede é arriscado, pode penetrar nunhas furnas e descubrir onde está o fondo das mesmas; según soubemos dos veciños allí houbo unha explotación aurífera romana, e dentro, logo de moitas estalactitas e estalagmitas, hai un enorme lago, que ningún deles víu. A chegada hastra o sitio xa paga o viaxe.

ANCARES DE LEON

A rexión é montañosa e de malas comunicacións. Pra continua-la visita compre que dea volta a Vilafranca, que siga a Cacabelos e de alí, de novo cara ó Norte pra ir a Candín, onde se collen as milloras

troitas do mundo e onde se fala un galego tan increíbel que ún está co xastre e o taberneiro e parécelle estar con Pero Meogo e Xoan Airas de Santiago, en pleno s. XIII. Certo. E se puidera chegar a Balouta, andando claro, pro mesmo así elle cousa moi difícil, é millor da-la volta e entrar por Rao, axuntamento de Navia de Suarna, provincia de Lugo; pois se chegara a Balouta comprobaría a maravilla dun lugar no medio dos Ancares e as manobras dun alcalde, tócallo de Candín, que quixo acabar coas pallozas a base de impostos municipais, por mor de que seica ardían con tanta facilidade que nun instantiño alá ía un lugar enteiro; pro chegou unha declaración de monumento nacional que lle matóu a vaca ó axuntamento e condenóu a esa xente a vivir baixo palla de por vida, por aquilo da cultura e do turismo. Os homes xa non saben se prefiren o imposto do paisano ou os títulos dos madriles.

Por onde queira que vaia, é auténticamente impresionante o viaxe polos Ancares de León, que unen á imponente das montañas a dozura das valiñas e valgadas agarimosas e ferteis contrastando coas penas enormes que as entornan. Son vales coma o do propio río Ancares, onde se atopa Candín, o centro da comarca.

GALICIA NON ACABA EN PEDRAFITA


Na volta de Cacabelos, ún pasa polo límite de Galicia (desta Galicia

da que estamos a falar), onde está a minería que enchéu a terra de xeracións e xeracións de silicóticos, vellos de 80 ós 40 anos. A isto contribuíron tamén as explotacións de wolframio arriba de Cadafresnas, ó sur da carretera de Ponferrada, algún día na diocese de Lugo, colgado na aba dunha montaña enorme e lugar do que nin os máis sabios nin os propios veciños saben exactamente cómo se chama.

Tamén ó sur, perto de Cacabelos, o mosteiro de Carracedo, románico do XII con moitas adicións posteriores, no camiño de Santiago, hoxe en ruínas, pro certamente conmovedor. E se lle cadra ir a unha feira, comprobará que efectivamente nada cambiou, e nun ambiente familiar poderá come-lo polbo estilo feira.


E se vai contra o sur, contra a Cabreira, que xa é propiamente leonesa, daráse conta, mentres asa ou lle asan un cabrito da Baña á brasa, que está no único sitio do mundo en que de dúas linguas en contacto a de prestixio popular é o galego. E é que falar leonés éche un lastre que pesa de máis.





**LIBERTAD
DEMOCRACIA
REFORMAS SOCIALES**

**TRES BAZAS INSEPARABLES
NO DESCARTE NINGUNA**



EL CENTRO ES EL EQUILIBRIO

**UNA OPCION GALLEGA PARA
UNION DE CENTRO DEMOCRATICO
PONTEVEDRA**

Diante das eleccións (sen voz nin voto).

As candidaturas xuvenís

POR XOSE L. GARCIA PEDROSA

Nunhas eleccións, nas que se vai decidir en boa medida o futuro inmediato do pobo galego, váiselle negar á mocidade o dereito a participar nelas; ós mozos e mozas comprendidos entre 18 e 21 anos, segundo estadísticas 150.000, queren deixarnos alleos ó proceso electoral.

A marxinação política dos novos ven ó traveso dos anos da man daqueles que queren ter e dispoñer do poder ó su antoxo. Por unha banda a sociedade adulta vennos negando cuestións tan elementais coma o exercicio dos dereitos cívicos que ten toda persoa nunha sociedade democrática europea; por outra a inexistencia da democracia facía que tódolos sectores sociais marxinaos e progresistas tiveramos como obxectivo a súa conquista, e deixáramos nun segundo plano outras cuestións de gran importancia pró libre desenrolo das persoas, e máis en concreto da mocidade.

Agora precisamente, que xa non sabemos moi ben quen é demócrata e quen non o é, estase a decidir entre fascismo ou democracia, asegún din, a maior parte dos líderes políticos; pro tamén se está a decidir, millor dito XA O DECIDIRON POR NOS, entre participación política e social da mocidade ou non. A resposta do goberno foi ben clara: seguimos sendo «moi novos» pra entrar no entramado democrático.

Todos temos claro que dende o poder non queren contar coa mocidade baseándose en concepcións patriarcales absurdas que sempre caracterizaron ós nosos mandamáis.

Diante disto ¿qué fan as organizacións políticas xuvenís galegas? A responsabilidade que hoxe temos é grande. Dainte das próximas eleccións compre unha alternativa clara de defensa dos nosos intereses e dereitos fronte ás continuas agresións que estamos a sufrir por parte do mundo adulto, que constantemente tersiverxa a nosa problemática ou trata de ignorala.

De ahí a responsabilidade que témo-las organizacións xuvenís diante do recién nado movemento xuvenil galego. Non se pode decir como fan algúns: «o que millor defende os intereses da mocidade é tal ou cal partido». Ou somos nós, as organizacións xuvenís, quen defendemos consecuentemente os dereitos da mocidade ou son os partidos, por favor clarexémonos.

Hal pouco que unha organización política xuvenil, a Mocidade Galega Revolucionaria, plantexou a posibilidade de realizar unhas eleccións paralelas, coas súas urnas, cos seus candidatos, etc., que se desenvolverían segundo o mesmo calendario cás de deputados e senadores do próximo día 15. A idea é principalmente sensibilizadora, xa que non se lles recoñece o dereito ó voto ós menores de 21 anos. Neste artigo, un home do MGR explica a súa proposta paraelectoral. Completamos, deste xeito, o noso número adicado á xente nova de Galicia.

ALGUNHAS CONSIDERACIONES IMPORTANTES

As interrogantes que se plantexan non son poucas, e están de acordo coa inexperiencia do movemento xuvenil e as súas organizacións de vangarda.

¿Temos que aliarnos (as organizacións xuvenís) ou non cos partidos políticos? Está claro que nós podemos ofrecer alternativas e solucións pra mocidade, namentres que os partidos ou coalicións electorais ofrécenas á sociedade no seu conxunto. Entón, por principio, eu diría que se temos que participar e apoiar en coalicións electorais, evidentemente naquelas que coidemos que teñan unha visión da sociedade e da súa transformación máis progresista e revolucionaria.

¿E hoxe qué facemos? Temos fundamentalmente dúas alternativas. Unha é apoiar a un partido político e a outra formar candidaturas xuvenís que recollan as reivindicacións e problemas máis sentidos polos mozos e mozas galegos.

Apoiar nas actuais condicións a un ou a varios partidos supón axudar a difundir-lo seu programa electoral e abandonar-las reivindicacións máis urxentes dos xóvens, supón quedarse no dereito ó voto ós 18 anos e pouco máis.

Formar candidaturas xuvenís que leven adiante unhas eleccións paralelas, nas que poidan participa-los mozos menores de 21 anos supón moito máis ca un inofensivo pataleo. Supón ir medrando a conciencia da nosa marxinação, facernos, facernos conscientes e facer consciente á sociedade da necesidade da participación política pra xente nova.

Tamén é certo que corrémo-lo risco de aumenta-lo confusionismo debido á gran cantidade de siglas que se presentan, ou ofrecer unha opción máis. Pro pensamos que de feito isto non vai ocorrer, xa que o noso programa e actividades van ir dirixidas a aqueles que non poidan votar, ós menores de 21 anos.

Porque somos conscientes de que nestes intreos os mozos galegos temos que libra-la batalla da participación política, non nos arredran nin estes nin outros problemas, como poden se-la financiación da campaña, a pouca importancia —segundo o seu costume— que se lle vai dar nos medios de comunicación de masas...

O NOSO PROGRAMA PRA CAMPAÑA ELECTORAL

Vai xirar arredor da maioría de idade e dereito ó voto, así coma os plenos dereitos cívicos ós 18 anos; a necesidade de crear un organismo autónomo da mocidade no axuntamento elixido democráticamente e no que estean representados tódolos clubs xuvenís, deportivos, asociacións culturais e demais xeitos organizativos da mocidade contra do autoritarismo da sociedade e a familia; contra da desinformación, represión e costumes incorrectos no eido sexual e por unha verdadeira formación dende as primeiras etapas do ensino, con outras medidas paralelas; a non discriminación das mozas, a normalización da nosa lingua; o replanteamento das nosas actividades no tempo libre, que están totalmente instrumentalizadas pola sociedade de consumo... xunto coas reivindicacións dos sectores (movemento obreiro, ensino, barrios).

E pensamos levar adiante este programa coa participación activa das mozas e mozos, dos clubs xuvenís, deportivos, culturais... trátase de crear un estado de opinión, hoxe inexistente, que supoña un primeiro paso na loita pola plena integración da mocidade na sociedade, na loita pola súa liberación. E tamén se trata de que os que desprecian e non teñen en conta os nosos anxeos e reivindicacións escomen a darse conta deles.

150.000 mozas e mozos galegos, labregos, mariñeiros, emigrantes, traballadores industriais e de servizos, parados, estudantes... somos asegún parece, enemigos da democracia. Somos irresponsables, inmaduros, ineptos..., non sabémo-lo que queremos, somos uns gamberros, delincuentes, dograditos, somos escoria que non é válida pra sociedade namentres non académo-lo tope establecido.

Pro señores, chegou a hora de recolle-lo reto, de demostrar que temos un comportamento cívico, responsable, serio, capacitado, verbas todas elas moi empregadas pra calificar a un membro integrado na sociedade que cumpre as normas establecidas.

Chegou a hora de demostrar que tódalas pestes que botan contra de nós, están escudadas en escuros intereses cun único obxectivo: crear un estado de opinión xeralizado que nos impida o acceso ós órganos de decisión.

Chegou a hora de esixir-las contas a aqueles «padres de la patria», que utilizaron tódolos argumentos posibles, que crearon organismos e institucións pra defensa dos seus intereses e a marxinação política e social das mozas e mozos galegos.

Estamos a da-los primeiros pasos.

Homenaxe a Castelao

Repatriación das cinzas, a suxerencia máis repetida

Cando queda pouco máis dun mes pró peche das votacións, seguen a chegar suxerencias encol do xeito de homenaxe a Castelao pró que TEIMA tenta servir de canle. Dende Dorneda, na Co-ruña, Xosé Muñiz, profesor de E.X.B., propón a realización dunha produción cinematográfica de 16 milímetros que se pasará despois gratuitamente en tódalas asociacións culturais ou veciñais de Galicia, Xosé S. Pereira, veciño de Madrid, pronúnciase pola creación de bibliotecas populares que difundan exclusivamente literatura galega. Manuel Otero, de Sant Boi de Llobregat, en Barcelona preferiría a organización de semanas culturais en tódolos pobos e bisbarras; Benito Alvarez, de Vigo, un concurso entre os rapaces de E.X.B.; Xerardo Feijoo, de Ourense, a edición popular das obras de Castelao; Moncho Vieitez, de Vigo, o reparto dunha escolma o día do cabodano; Juan José Molina, de Vegadeo, a construción dun «museo Castelao» dentro do Museo do Pobo Galego... Nembargantes, a maioría dos nosos lectores pronúncianse pola repatria-

ción das súas cinzas dende Buenos Aires coma millor xeito de homenaxe. O cómputo de votos darase a coñecer próximamente. Hoxe publicamos o estado das votacións pra eleixir os cinco membros da comisión organizadora. O total de votos, a vintecinco de maio, daba o resultado seguinte:

Celso Emilio Ferreiro	33
Xesús Alonso Montero	28
Xosé Manuel Beiras	27
Xosé L. Méndez Ferrín	23
Carlos Casares	20
Eduardo Blanco Amor, Ramón Piñeiro	19
Manuel María Fernández-Teixeiro	11
Alvaro Cunqueiro	10
Domingo García-Sabell	9
Ricardo Carballo Calero, F. Rodríguez X. Neira Vilas	6
Luis Seoane	5
Xaime Illa Couto, Valentín Paz Andrade, M ^a Xosé Queizán	4
Xosé Filgueira Valverde, Alvaro Xil, Sixto Seco, Siro López Lorenzo, Francisco Pillado, Luis Soto, I.	

Díaz Pardo	3
Laxeiro, Uxío Novoneira, Alfonso Alvarez Gándara, Margarita Ledo, Antonio Quesada, Carlos Otero Díaz, Xesús Vega Buxán, Xaquín Marín, Camilo X. Cela, Bibiano Morón	2

Con un voto:

Antonio Fraguas, Ramón Baltar, Fernández Albor, María Elena Gago, Benito Varela Jácome, Domingo Fernández del Riego, Fernando M. Randulfe, Anxel Fole, Ramón López Suevos, Santiago Alvarez, Salvador García Bodaño, Agostinho da Silva, Ramón de Valenzuela, Carlos «O Xestal», Manuel Beiró Buxán, Sebastián Martínez-Risco, Manuel Iglesias Corral, Benedicto Conde, Ramón Valcarce, Gonzalo Torrente Ballester, José María Castroviejo, Miro Casabella, Ricardo Torres Paris, Camilo G. Suárez Llanos, Marino Dónega, Raimundo Patiño, Chamoso Lamás, a irmá de Castelao.

Unha homenaxe a Castelao

TEIMA trata de servir de canle pró organización dunha homenaxe a Castelao no 27 cabodano do seu pasamento. Téntase que sexan os propios lectores —e non lectores— quen elixan unha comisión organizadora composta por cinco membros e decidan, aportando suxerencias, o xeito de homenaxe que coiden máis efectivo. Durante un prazo de dous meses, TEIMA publicará semanalmente boletíns de voto coma o que se adxunta. Utilíceo, se fai favor.

COMISION ORGANIZADORA DO HOMENAXE A CASTELAO

Desexaría que estivera formada polos seguintes señores:

- 1 _____
- 2 _____
- 3 _____
- 4 _____
- 5 _____

XEITO DE HOMENAXE


Entendo que o millor xeito de homenaxear a Castelao é:

- Erguerlle un moimento
 Outros (especificar)

NOME: _____

DIRECCION: _____





Urnas 77



Trátase do novísimo modelo de Urna. Os votantes dispoñen dunhas recámaras que, na fotografía, pódense ver na banda dereita. As recámaras dispoñen dunha porta con pechadura, o que fai máis íntima a decisión. E secreta. Pró momento de deposita-la tarxetiña do voto, fóra secretos, o elector dispón dos modernísimos modelos 77. Logo de votar pode, se é o seu gusto, lavar mesmo os pés (se quere, tamén as máns) por aquilo de rexeitar responsabilidades. As billas están, pra iso, sempre a punto de apertura. O pasillo, como se pode apreciar, é amplo: estudiado, precisamente, pra permitir unha saída rápida, cáseque instantánea, do recinto. Polo demás, sempre dentro da gran liña utilitaria do modelo, as recámaras da dereita pódense utilizar mesmo pra outros menesteres, tamén moi íntimos eles.

Se vostede quere facer un estupendo rodeo turístico, precisamente turístico e dispón de tempo abondo, recomendámoslle que faga serio caso do carteliño de marras. Se non dispón de tanto tempo, amiguiño, se non lle gusta moitísimo a carretera e o volante, vaia, millor que faga como fan tódolos cristiáns: vaia a Madrid polo camiño de sempre. Ir pola costa ten o seu aliciente, non nos cabe a máis mínima duda; pro, despois de todo, se a cousa e ir a Madrid pra voltar deseguida... millor non lle faga moito caso ó carteliño que se atopa na periferia coruñesa. ¡A Madrid pola costa! Cousas do centralismo, milagroso centralismo. Nós preferímo-lo atallo, ou sexa, o camiño de sempre. Nós, polo atallo. Así, de paso, voltamos antes polo mesmo carreiro.



¡XA SE PODE CHEGAR A MADRID PO 'LA COSTA!

MANOEL ABAD

CAITANO Por XAQUIN MARIN

**E BEN CERTO QUE
HUN PRINCIPIO**



A EMIGRACION




FAISE COSTA ENRIBA



**PERO LOGO XA, ESCO.
MEHZASE A'LLAMEAR'**






Sochantre

Cunqueiro é o iluminado mentireiro do Sochantre. Cando abre os abrazos semella un bispo xigantesco, un bispo sorrinte e verderolo mirando pra ti dende triple ollada: os ollos caleidoscÓpicos do Cunqueiro, madriña... CÓntache



o conto e vas, ti, dacabalo do irreal coma quen campea pola historia. Calquera noite, don Alvaro, vai facer da nosa historia un rachatestas libertario, con perdón, cun trasno por Rei e lobi-somes, chuchonas, galiñas de cen pés... coma cortello na Corte do irreal. Contan que, de cando en vez, don Alvaro bota as súas mans ós cadrís e palpa nas súas ourelas: daquela, Cunqueiro, comproba que non é conto e belíscase pra se atopar. Atópase, cáseque sempre. «Algún día —dise decote— vou levar un disgusto». O certo é, dise, que as cousas están a se poñer do revés: O Sochantre gaña camiño e camiño día a día na historia de Cunqueiro e está, por veces, a piques de tragalo... Un día desaparecerá don Alvaro. Quedará, claro, o Sochantre. Coma quen di, o mentireiro. Luminoso mentireiro do irreal. E, despóis de todo, o auténtico mentireiro. O peor de todo, vaia, e que os cataláns crenlle todo, todiño, o que don Alvaro lles conta... ¡Se eu lles contaral Probiños cataláns... Vaites, vaites.



Mística do átomo

Parece evidente que o anuncio alemán vai contra das Centráis Nucleares. Trátase, simplemente, de se achegar á «luz eterna» ó traveso do átomo. ¡Quén o diría! No Cú de Regodela, que é como se chama exactamente o punto onde FENOSA quere instala-la súa Central, prometémoslles face-lo posíbel da nosa banda pra que se chegue, pois, á instalación dunha sorte de reprodución do dibuxo alemán. Pro en vivo, ou sexa, estrela e bombillíñas de corpo presente. Sítios así, na Regodela, hainos. Podería ser unha nova leria da peregrinaxe. Peregrinos atómicos: ¿sona ben? ¡O que avisa non é traidor!, como din noutro lugar.

Pintores legáís

«Una ciudad limpia define a sus ciudadanos», pódese ler na valla que presentamos. Tamén, podiamos decir nós, un cerebro liso define ó seu propietario. A valla semella estar a favor da planificación dos cerebros: neste caso decimos planificación no senso de deixar plano, liso, coma follas de papel (en branco). Os autores da valla, do seu texto («La pintada desprestigia a quien la hace»), deberían estudar algo sobor do asunto denantes de se meter a publicistas. Se queren, amigos, abrimos dende eiquí unha sección pra decir por qué. Entre tanto, pra facer boca, podiamos engadir que na pintada se atopa máis dun aspecto da renovación publicista española dos últimos tempos e, polo demáis, millor farían deixando en branco a totalidade da valla e, logo, cabería espacio pra, polo menos, tres pintadas. A nosa proposición: señores publicistas, vallas deste xeito fan rir ó máis pintado. Deixen paso, señores, ás pintadas: abran camiño Galicia adiante multiplicando vallas e vallas; iso sí, sempre en branco. O pobo encargaráse de enchelas como corresponde.





Así foi o día 17

Pola normalización da lingua

Celebróuse o «día das letras galegas», este ano adicado a Villar Ponte. Pouco a pouco, a emotividade desta data foi cedendo diante das reivindicacións populares. Hai así homenaxes ó persoeiro histórico, pro tamén se acolle da súa vida a significación político-social que encerra. O fundador das Irmandades da Fala fixera profesión de fe naquel 1916 na riqueza dunha lingua que é a sustancia da nosa identidade como pobo. Hoxe tamén fixémo-los

galegos esta profesión de fe. Viva e dinámica. Pola normalización do galego, foi o slogan.

Quixemos así dar ó público unha información o máis detallada que nos foi posíbel facer de tódolos acontecementos do día 17. Escomezamos polo radio e a prensa, pra rematar na táboa de actividades en cidades e vilas. Con datos de tódolos corresponsáis, LUIS POUSA coordinou este informe, escribindo VICTOR FREIXANES a información sobre as dazaoito horas en Radio Popular de Vigo.

Radio Popular de Vigo emitíu enteiramente en galego a súa programación do «Día das Letras Galegas», o pasado 17 de maio. Foi, sen dúbida ningunha, un acontecemento histórico non só prós medios de comunicación en Galicia senón pra nosa cultura e mesmo cara á normalización da vida toda do país. Durante 18 horas a lingua oficial da radio (ou dunha emisora de radio polo menos) foi o galego.

«Trátase, sen embargo, dun feito simbólico —decían os programadores de Radio Popular—. A radio galega, entendendo por radio galega unha radio feita en Galicia, na nosa lingua e dende a realidade do país, aínda queda lonxe. A actual estrutura das empresas (cáseque todas elas absolutamente dependentes das respectivas centrais) non deixa facer xa non unha programación en galego, nin siquiera unha programación propia, autóctona da emisora. Os tempos de máis escoita, as milloras horas son reservadas prós programas que veñen en cadea de Madrid, non hai moitos profesionáis, nin medios, nin criterios galegos dende as direccións. Isto non é máis ca un capítulo. Importante, iso sí, pro un capítulo simbólico».

Víctor F. Freixanes foi o responsable de toda a programación da emisora viguesa. Queca Merino coordinou os programas da mañá e Xerardo Rodríguez os da tarde, musicáis e gran parte dos problemas técnicos que se plantexaron. «Eu quero, con todo, ser optimista —di Xerardo Rodríguez— e penso que este feito ven demostrar que a radio galega pode ser unha realidade tódolos días, con capacidade pra competir con calquera outra pro-

gramación (e mesmo con ventaxa porque xorde da realidade do país). Agora ben, teránse que producir transformacións importantes pra levala adiante, transformacións non só na radio, naturalmente, senón na sociedade mesma».

SETE MESAS REDONDAS

De 7 de mañá á unha da noite a emisora deu en lingua galega anuncios, toda a programación musical, esquelos, avisos, cuñas publicitarias, entrevistas, reportaxes e unha chea de mesas redondas sobre problemas que hoxe son actualidade na realidade do país: a muller e a sociedade galega (coa participación de Carme Santos Castroviejo, Luz Verde e M.^a Teresa Conde Pumpido), a problemática dos barrios (con representantes de asociacións de veciños de Teis, Lavadores, Calvario e Vigo-Oeste), a Igrexa en Galicia (con Alfonso Magariños, Francisco Carballo Carballo, Ramón Búa e unhas palabras especiáis arredor da onomástica do día de monseñor Cerviño Cerviño, bispo da diocese Tui-Vigo), o libro galego (Valentín Arias, Francisco Domínguez, Bieito Ledo e máis Fernando Pereira), a música galega, a can-

Dazaoito horas de radio galega

ción e a música culta (Enrique Macías, Antón Mallo, Suso Quiroga, Miro Casabella, Suso Bahamonde, Xosé Manuel Conde, Jai Nogueira, Emilio Cao, Bibiano, etc.), a normalización da lingua e os seus problemas (Antón Santamarina, X.L. Couceiro, Guillermo Rojo, Alonso Montero, Carlos Casares e Rafael Chacón. Invitouse tamén a Francisco Rodríguez pro por razóns alleas á súa vontade non puido vir a última hora) e, pra rematar, o galego nos medios de comunicación coa presenza de dez representantes dos medios informativos máis un historiador, Ramón Villares.

O COMPROMISO COA LINGUA

Nesta derradeira mesa redonda sulíñouse, pola banda dos profesionáis presentes, a importancia da toma de posición a favor do galego por parte dos medios de comunicación, unha toma de posición aínda esvaída pro progresiva. As empresas, naturalmente, poñen os seus atrancos. ¿Qué posibilidades hai hoxe pró galego nos medios de comunicación? A non ser esta revista e algunha prensa de partidos políticos, o galego aparece nos me-

dios de comunicación de masas cáseque sempre vencellado a comunicados ou crónicas políticas ou culturáis. Nalgúns programas de radio ten tamén presenza na música amáis dos informativos. Pro é todo coma un gromo de primavera.

Falouse tamén dun posíbel xornal galego. En xeral a xente era optimista, anque se valoraba en contra a estrutura actual do país, a política das empresas, as dificultades técnicas dos profesionáis... cousas todas, noustante, que se poden ir resolvendo con traballo e unha planificación axeitada. «E importante saber que xentes de creto e coñecementos empresariáis andan en conversas precisamente pra levar adiante ese primeiro xornal en galego que hoxe pode parecer moi lonxano pro que, se as cousas non se torcen, cada día estará máis perto de nós».

«COLLENNOS NAS PATACAS» O COMPROMISO COA LINGUA

Pro como cuestión de fondo andaba sempre a situación actual da nosa lingua. Na mesa redonda das oito da tarde saíu o tema, que logo voltaría cando os medios de comu-

nicación. «Compre a creación de institucións, profesionais, técnicos axeitados pra chanta-las bases de ensino e emprego do idioma nos diferentes eidos da vida do país —decía Alonso Montero—. Podemos falar de oficialidade ou cooficialidade, pro por moito falar e dar ordes non poderemos resolve-la realidade de fondo: o funcionario do axuntamento non sabe redactar unha instancia en galego porque non tivo escola galega. Compre, pois, començar a crea-la escola, os profesores, as ferramentas de traballo, institucións, xornalistas... toda unha infraestrutura fundamental pra que o emprego do galego sexa doado pra todos. Das posibilidades que ofrezca a constitución que se vai discutir nas próximas Cortes dependerá en gran parte esta cuestión coma outras: a reforma agraria, a industrialización, etc.».

«De feito, se da noite pró día, eiquí declaran a cooficialidade ou mesmo o ensino en galego e do galego, cóllenos a todos nas patacas —engade Antón Santamarina, do ILG—. Nin hai ferramentas de traballo, nin profesores, nin técnicos. E compre a creación de institucións axeitadas o máis axiña. E unha esixencia a facerlles ós homes que teñan nos próximos tempos o poder.»

«Non se trata de ser pesimistas. Eu non son pesimista nin moito menos —decía Chacón nas súas declaracións radiofónicas ó home de Radio Popular en Pontevedra, Guillermo Campos— pro pra facer realidade esa normalización compre un método, un labor serio, tra-

ballado, que está por facer e que non pode quedar nas mans dos políticos porque ía ser unha desfeita». «Non abonda co coluntarismo —di Guillermo Rojo—. Eiquí, polo que semella, todo o mundo sabe de lingüística coma de tantas outras cousas. A xente fala moito, sen cancelas, escoita pouco ou nada e sabe menos. Se misturamos política e lingüística (coma de feito se está a facer) no intre de artellar medios e solucións concretas, sucesivas prá recuperación da realidade lingüística da nosa terra, os resultados van ser lamentabeis. Necesitamos urxentemente técnicos, científicos, profesores, etc.».

FACE-LO CAMIÑO

«Vivimos, con todo, un proceso no que a presión popular, a presión do home da rúa que pide e acolle positivamente a presenza da lingua nos medios de comunicación —engadían os homes das dazaoito horas de radio na derradeira das mesas redondas— é moi importante mesmo pra todos nós, que traballamos nos medios, sexan escritos ou falados. Por outra banda, a importancia da radio e máila TV cara á normalización lingüística do país é fundamental. Isto sabíamo moi ben, por exemplo, os homes que redactaron no seu día o Estatuto do 36 cando reivindicaban pró goberno galego a programación e administración da radio e mesmo da prensa escrita polo menos na súa meirande parte. Estamos a face-lo camiño, e aínda queda por andar».

«O día» nas emisoras

Unha experiencia semellante á de Radio Popular de Vigo foi a protagonizada por Radio Galicia, en Santiago. A súa dependencia da SER, forzou que a programación especial tivera que facerse por F.M. O «día das letras galegas» saía así ó aire dun xeito mediatizado, pro interesante. Desde as catro da tarde até as dez da noite, seis horas pechas de ideas, personaxes, angueiras, críticas e cultura. Fernando Madriñán, Luis Rivero e Xavier Otero dirixiron o carro informativo con intervencións diante do micrófono de Camilo Nogueira, Fraguas, Marta García, Alvarez Pousa, Manuel González, Paco Fernández Rei e Charo Alvarez, Xosé R. Barreiro, Costa Clavell, Anxel Vence e Torres Queiruga entre outros. Foi unha radio viva, da que tan necesitados estámo-los galegos.

A dependencia, feito non descoñecido prós habitantes dunha terra que é nosa, tamén impuxo a súa opresión en Radio Nacional da Coruña, que só tivo recordos prá data no «rexional informativo» da mañá, con entrevistas e algunha lectura literaria.

EMISORAS DE OURENSE E PONTEVEDRA

A terceira emisora que tentou chegar ó que en diante debiera ser un exercicio cotián na andamiaxe da comunicación galega pola radio, foi La Voz del Miño, de Ourense, que segundo as declaracións da súa directora e realizadora, Adela García, acolléu o idioma galego no cincuenta por cento da programación do día 17. Tódolos informativos e máilos programas «Aquí la juventud» e «Buenas noches» (en castelán diariamente) foron radiados en galego, aparte dos especiais, nos que falamos entre outros Ogando Vázquez, Antonio Tovar, Padre Isorna e libeiros da cidade das Burgas. Recitáronse poemas de Rosalía, Lorca, Manuel María e Noriega Varela.

En Radio Orense, Pedro Gómez Antón levóu adiante en lingua galega o programa informativo adicado á vida na provincia, así coma o programa que a emisora ten prá mocidade polas mañás, dunha hora de duración.

Na terceira emisora ourensá, Radio Popular, tamén se radiaron en galego tódolos informativos, así coma as crónicas que Radio Popu-

lar de Vigo emitíu no decorrer das dazaoito horas, nun intento de actualiza-los acontecementos de todo o País Galego neste día. En Ourense coordinou un locutor natural da Mancha, Antonio Vallejo.

Radio Pontevedra, e a pesares do esforzo de Pilar Fariña e César García, a programación foi probe. Nembargantes, nun programa especial dunha hora falamos de Villar Ponte: Marino Dónega, Fernández del Riego, Domínguez Lores, actuando asímesmo o grupo «Proso-pon» da Residencia de Estudiantes que representou dianto do micrófono «O esquelete», de Castelao.

EMISORAS DE FERROL, LUGO E A CORUÑA

En Ferrol, Radio Popular. As noticias referidas á festividade do día foron lidas en galego nos diferentes informativos. Tamén se pasou un programa especial dunha hora de duración, á vez que transmitía en directo o acto oficial de Viveiro.

Non só os informativos, senón tamén a mesma publicidade, foron radiados en galego por Radio Popular de Lugo. Aparte entrevistas e música, en total unhas catro horas de programación galega.

Radio Lugo únicamente presentou con editorial en galego os informativos do día. Máis unha hora de música galega clásica.

Pola súa banda, Radio Juventud de Coruña tivo en antena durante catro horas temas de actualidade na lingua do país. Antonio Luaces preparóu as enquisas na rúa e preparóu os programas informativos.

COMA SEMPRE, TVE

Non se mollaron os da TVE en Galicia. Anque lle adicaron toda a programación de media hora escasa de duración ó día, a maior parte dela ocuparon cun longo e de escasa calidade artística reportaxe monumental ruralista. Estiveron na pantalla Fraguas e Fortes Bouzán, o primeiro con Villar Ponte e o segundo coa revista «Vagalume» que saíu esta vez en número extraordinario co gallo das «letras galegas». Nas noticias do día, a TVE en Galicia informóu do acto de Viveiro, claro, e de que houbo quen pedíu a cooficialidade da lingua. Por suposto, os da reivindicación da oficialidade quedáronse sen representación no centro da rúa do Villar.



LLANOS

Prensa

Só respondéu «La Región»

A prensa en Galicia, isto é ben sabido, é unha prensa familiar. Coma tal, acusa as indecisións e as vacilacións diante de feitos que deberan ser acollidos coa xenerosidade informativa que o país, ó que din servir, demanda. Pro a estrutura familiar ten de crear dependencias que van desde o político até o financeiro. Se o pobo presionou nos últimos anos pra que certos diarios galegos se viran na corda froxa e tiveran que apreta-los cintos pra «epatar» diariamente nos quioscos cos lectores máis rentabeis, é ben certo que en certos momentos compre da-la imaxe de que as presións non fan ferida nin son detonante pra un cámbeco. Pasou no «día das letras galegas» e pasará a bon seguro noutras ocasións deste estilo.

Pedíaselles con catro mil firmas un testemuño. Máis nada. Que as súas primeiras páxinas neste daza-sete de maio saísen en lingua galega. E pedíaselles que abondasen nas informacións en galego este día de loita pola normalización, pola oficialización. Respondéu un diario que non abarca a área do país galego, «LA REGION» de Ourense, cunha selección de noticias periodísticas a máis non poder. Estaba Euskadi pesando no ánimo de todos e tamén estaba o «día das letras galegas». Publicidade incluída e mesmo co nome do director en galego. Non se galeguizou a cabeceira, porque esto non está permitido. No interior, sete páxinas máis de información e dúas de publicidade das corenta coas que saíu á rúa o periódico. Apuntouse un tanto o diario ourensán, que ademais pasará á historia do periodismo galego contemporáneo, por se-la primeira vez que acontece nos últimos anos.

Os demás quixeron saír do paso.

«LA VOZ DE GALICIA» publicaba en primeira páxina e en lugar de privilexio un recuadro a dúas columnas, no que se anunciaba o acto da Academia Galega en Viveiro, cidade do Villar Ponte. Oficializaba deste xeito o «día». Pro o simbolismo deste acto non ía abarcar informativamente o que ocurriría durante as próximas horas no país. No interior, unha páxina e media na que se daba conta dos diferentes actos que estaban anunciados por Galicia adiante. O domingo anterior adicoulle o suplemento dominical á figura de Antón Villar Ponte.

O mesmo ocorríu co diario da Editorial Católica, «EL IDEAL GALLEGO», que publicaba o mesmo día un suplemento especial con artigos encol da festividade. O acto que máis desapercibido lles pasou ós galegos, o oficial de Viveiro, foi o máis resaltado.

No que respecta ó «FARO DE VI-GO», a noticia limitábase en primeira páxina a dúas líneas no sumario habitual. Dentro, unha páxina mal composta e pra encher.

Resulta curioso, no que respecta ó CORREO GALLEGO, de Santiago, un periódico reaccionario dirixido por un home sen visión periodística do momento actual, que fose ún dos diarios que máis información deu en lingua galega. Aparte dun recuadro explicativo en primeira páxina, no interior foron varias as escritas en galego. Puidera ser, segundo as nosas noticias, que isto fose debido ás propias iniciativas dos traballadores da casa.

En «EL PROGRESO», de Lugo, nin siquiera aparece a noticia da celebración na primeira páxina. Só nas páxinas centrais, a tres columnas, dáse información de diversos actos na capital e provincia.

Queremos deixar constancia dos actos de cuí existencia soupemos.

VIVEIRO

A Academia Galega, que foi acusada nun mitin no Toural de Santiago, celebróu a súa sesión académica descubriendo unha placa na casa de nacemento de Villar Ponte. Intervíñeron Ramón Piñeiro, Dónega Rozas e Chao Espiña.

A Agrupación Sementeira programou unha mesa redonda sobre o ensino en Galicia, contando con María Cristina Baamonde, Asunción Clara, Ogan-do Penela e Manuel Sendón.

LUGO

O Club Valle Inclán: mesa redonda sobre a lingua galega. Antón Arias, Emilio López, Margarita Ledo e Xosé Manuel López.

No Colexio Universitario, xa o día 19, Ramón Piñeiro co tema «Proceso histórico da cultura galega».

RIBADEO

Agrupación Francisco Lanza: conferencia de Siro López sobre «Cultura e galeguismo».

MONFORTE

Círculo Victoria: falou Ramón López Suevos sobre a «Galicia e o seu problema económico».

SARRIA

Instituto de Ensino Medio: o escritor Manoel María co tema «Irmandades da fala».

SANTIAGO

Semana Cultural na Universidade, organizada polas comisións culturais: mesa redonda encol dos medios de comunicación en Galicia, coa intervención de Víctor Freixanes, Anxel Vence e Luis Álvarez Pousa. Recital poético de Bernardino Graña, García Bodaño, Cuña Novás e outros. Mostra de pintura permanente, á par que outra organizada polas agrupacións O Eixo e O Galo. Música celta no Colexio Maior Fonseca. Conferencia de Camilo Nogueira e Marta García sobre a oficialidade do galego e o ensino popular (organizou O Eixo). Teatro en Santo Domingo, coa representación que de «Almas mortas» e «O país da saúde» fixo o grupo Ditea. Mesa redonda sobre a lingua, con A. Santamarina, X.L. Rodríguez e F. Cobo.

MUGARDOS

Casino: o grupo teatral O Facho puxo en escena «Paco Pixiñas». Carlos Casares falou da «Vida e loita de Antón Villar Ponte». Seguiron os actos nos días seguintes.

O luto de Euskadi viría a reforzar nalgúns lugares do País Galego a idea e a loita polas liberdades nacionais neste «día das letras galegas». Así, na cidade de Compostela, onde a policía actuou sen descanso pra reprimir manifestacións e algún mitin. Mentres a Academia descubría unha placa a Villar Ponte, as reivindicacións populares acadaban en loitas na rúa e nos locais da cultura, esixindo unha das principais liberdades: a da fala. Oficializa-la lingua galega é a única fórmula válida pra que as letras galegas sexan universais na súa función comunicativa e na súa estrutura literaria. Polo mesmo, compre que este día 17 de maio sexa a cita de encontros pra tódolos galegos. ¿Qué sería se en vez de artellar cadaquén pola súa beira, fosen coordinadas tódalas actividades cidade a cidade, vila a vila? E ben certo que a política impón nestes momentos o seu escangallamento, pro tamén é certo que Galicia agarda pola forza común.

Pobo a pobo

A CORUÑA

Asociación de Veciños Atochas: Chao Rego disertou sobre a «Liberdade da fala». Escola Aparelladores: recital poético do grupo Escolma. Dobarro e Roca falan de Villar Ponte e a normalización da lingua. Representacións teatrais dos grupos do Círculo Cultural de Vilaboa e Fato Pepa Loba. Recital musical galego, con Quintáns Canella, Carlos, Pablo Quintana Fernando Cunha, Pilocho, Antón Seoane, Román, Alvaro e Xosé Ramón, gaiteiros Os da beira do monte e da Universidade Laboral. Exposición de libros de Castelao.

Agrupación O Facho: Ramón Piñeiro e Marino Dónega falarían o día 19 de Villar Ponte. Fallo dos premios de contos: Ana María Fernández, Manoel Riiveiro e Tucho Calvo.

BETANZOS

Centro Formación Profesional: Victoria Armesto deu unha conferencia sobre Villar Ponte e as letras galegas.

OURENSE

Cultural Auriense: mesa redonda encol do «idioma galego, hoxe», con Emilio Picouto, Xosé Paz Rodríguez e Anselmo L. Xarrera.

Ateneo: conferencia de Xosé Luis Pensado co tema «Lección e sentido dos dicionarios galegos».

Institutos e Escola Universitaria: conferencias de Blanca González, Ogando Vázquez, Juan José Moralejo, Francisco Chacón e Francisco Vizoso.

A RUA

Os Cigurros: mesa redonda sobre a normalización da lingua, con Manuel Fernández López e Santiago Vidal López.

RIBADAVIA

Abrente: Mostra de teatro galego. Falláronse os premios literarios na súa quinta edición: Camilo Valdeorras, Xosé M. Martínez de Oca e Manoel Guede Oliva foron os tres primeiros premios. Aparte das representacións teatrais, da que falaremos máis amplamente, desenrólanse actividades culturais paralelas. Satisfacción porque a nena de Quines, María Luisa Fidalgo, conseguiu un premio de contos «O Facho».

PONTEVEDRA

Amigos da Cultura: Semana cultural desde o 16 ó 22. María Xosé Enríquez falou o 17 das Irmandades da Fala. An-

tes houbo mesas redondas, conferencias e guiñol co grupo de guiñol «Avantar» e grupo do colexio de Lárez.

Teleclub San Xohán de Poio: conferencia de Alfredo Conde encol de a «lingua galega no seu contexto histórico». Seguirían conferencias de Ramón Valenzuela e Arturo Reguera.

CAMBADOS

Os nenos de octavo de EXB do Colexio Antón Magariños montaron unha feira do libro, patrocinada pola Asociación Vento Mareiro. Dianto do monumento a Ramón Cabanillas recitáronse os seus poemas e léronse anacos de «Pensamento e Sementeira» de Villar Ponte.

Sociedade Cultural: Antón Fraguas falou das Irmandades da Fala e Villar Ponte.

ESTRADA

Asociación Marcial Valladares: Ramón Piñeiro falou de «A obra de Villar Ponte».

MORRAZO

Actividades en defensa da normalización da lingua (teatro, recitais, cartéis...) programadas conxuntamente polos colexios nacionais da zona do Morrazo: os de Quintela, Reibón, Coiro, Compañía de María, Hío, Aldán e Darbo. No colexio de Portonovo tres ou catro profesores negáronse a colaborar.

VIGO

Instituto da Guía: cinco horas de cultura galega, con diversos actos.

Asociación Cultural: a conferencia que sobre o «Galego nos medios de comunicación en Galicia» la pronunciar a periodista Margarita Ledo Andión foi suspendida en solidariedade con Euskadi.

Colexio Universitario: conferencia de Xesús Alonso Montero sobre da lingua.

Varias asociacións de veciños como a de Lavadores organizaron actos culturais sumándose á reivindicación pola normalización da lingua galega.

MADRID

Fóra de Galicia fixéronse actos tamén. Sabemos de Euskadi e de Xenebra. Tamén de Barcelona e Salamanca. En Madrid houbo mesas redondas. Unha, na igrexa de Moratalaz convocada pola ANPG, con bandeiras galegas e da UPG tras do altar e coa participación de Pilar Vázquez Cuesta, Xosé Luis Bilbao e o crego Estravís. Outra, no colexio San Juan Evangelista, onde falan Celso Emilio Ferreiro e Manoel Rivas.

Polo demáis as vendas de libros en cidades e vilas ascenderon, segundo nos confirmaba algún libreiro, a cantidades meirandes cás doutros anos. As editoriais aínda non tiñan datos ó redactarmos esta información.

cartas a dirección



A UNIDADE, UNHA VEZ MAIS

Señor Director de TEIMA: As tres cartas publicadas na súa revista no número 20 amosan, ó meu entender, ben craramente as gravísimas consecuencias que a polémica entre os nacional-populares e a súa TEIMA pode ter pró movemento nacionalista de esquerdas e lóxicamente, pra súa revista tamén, xa que ésta é o seu órgano legal lóxico de expresión.

Polo tanto, eu prégole encarecidamente, como supoño que farán tódolos galegos conscientes de selo, que remate xa esa disputa, penso que un pouco infantil.

Por todo elo quero facer un chamamento á unidade dos nacionalistas, que todos xuntos, teimosos (da súa TEIMA), upagalos, e nacional-populares, pesegos, mocos, pepegalos, peixes e tódolos nacionalistas independentes, loitemos polos dereitos da nosa nación, Galicia.

Saúdalle.

Vicente Rivas
Coruña

* * *

NOMES GALEGOS

Amigos de TEIMA: No número 21 da nosa revista nacional, como eu lle chamo, puiden ollar algo triste, o peche de «Arreu» (setmanari d'Informació General de Catalunya). Non é porque eu sexa catalanista nin moito menos, senón porque penséi se algún día esto lle sucedera á nosa querida TEIMA. Esperemos que non suceda ren.

Eu quixera facer un chamamento dende a propia revista a tódolos que ollan TEIMA e sinten amor pola nosa nación e máis pola nosa linguaxe. Suscribídevos a ela. Eu non sei nin se TEIMA pode publicar esta carta, pois de leixes sei moi pouco e menos das que concernen á prensa.

Traballo na construción de peón eiquí, na cidade de Oviedo, son casado e estóu agardando un fillo; pro quixéralle poñer nome galego e non sei ningún axeitado.

Tódolos que sei son os clásicos Xosés, Xaviers, Xullos, Xoséfas, Maruxas, etc. Pro eu quería un nome orixinal, podendo ser que non tivera traducción ao hespañol... Se algún galego me poidera axudar mandándome algún nome orixinal á miña dirección, agradecerfallo.

Desexándlles moita adaxe aos nos

os compatriotas de TEIMA, saúdaos un que xa se suscribíu.

X.R.R.F.
González Besada, 55, I, Drta.
Oviedo

* * *

Señor Director: Con respecto ó artigo informativo «esquerda: segue «xovendo», aparecido na páxina 17, do seu número 22, con respecto á nosa organización hai dúas inesactitudes das que nos gustaría deixar constancia na súa revista. Non nos chamamos Mocedades Galegas Revolucionarias, senón Mocidade Galega Revolucionaria.

Non é certo que estivera a bandeira de M.G.R. na grada de onde partiron os berros e asubfos, como sinala o artigo, nin que se poidera ver a nosa bandeira en calquera parte do mitín porque non levamos ningunha bandeira a ese mitín, os nosos militantes non se topaban nas gradas de onde partíu o boicot e a nosa actuación nese mitín limitóuse a portar unha xeira de cartéis, que no seu conxunto reivindicaban: «maioría de idade ós 18 anos. M.G.R.», cuia presenza foi aplaudida por tódolos presentes, sen distinción de ideoloxías, cartéis que foron retirados nos intres de escomenzar o boicot.

Agradecéndlle o favor saúdalle atentamente.

Servicio de
Prensa da
Mocidade Galega
Revolucionaria

* * *

CAMARIÑAS AGRADECE

Amigos: No derradeiro número da vosa TEIMA é no artigo tiduado «o negocio dos mortos», encontramos os veciños de Camariñas que tamén chegóu ó voso coñecemento a problemática mortuoria que iste pobo traballador, marxinado e sempre asoballado, ten plantexado dende o derradeiro mes de febreiro. Porque foi nesa data cando se descubríu o alto TRIBUTO que estes pobres traballadores viñan pagando dende o nacemento, pra ter nada máis que un caixonciño onde acoller os seus despoños que serían levados o cemiterio en automóvil cando a morte lles trouxera o sono eterno.

O problema é moi complexo e a loita que imos librando, dende a data reseñada hastra hoxe, pra romper as cadeas da Compañía que tan caro vendía

o CAIXONCIÑO e pra unir os veciños co gallo de liberalos do home que tódalas semanas viña cobrar os trabucos da morte, aínda non se terminóu e precisamente pra continuar loitando hastra conseguir a desexada e segura vitoria, o voso artigo veu darnos unha inestimábel axuda coa seguridade de que non estamos sóios na loita por establecer canles (millor dito, limpiálos) de solidariedade que fagan das nosas vilas e aldeas verdadeiras comunidades de vida e traballo, onde as profesións parasitarias i os negocios fáceis sexan barridos i cada home dispoña xustamente do froito do seu traballo e do ben que, exercendo a súa profesión, aporta ó ben común da súa vecindade e como derradeiro termo a mesma humanidade.

Sobor do contido do artigo «o negocio dos mortos», prégovos que no seguinte número fagades constar o erro de que a Comunidade de veciños de Camariñas antes de constituir a Cooperativa pra enterrar os seus mortos, fixo un estudio técnico do mercado de leitos mortuorios e da mortalidade media na Vila, chegando á conclusión de que pra ter ASEGURADA A MORTE, no intre actual, abonda pagar 12 pesetas de cantidade media por persona e mes e a proba de que chega o que está fagendo, cando os comerciantes da morte, é decir, Funeraria... S.A. (non digo o nome porque a devandita Compañía esconde as súas accións mercantílistas baixo o nome dunha Santifa que endexamáis aprobaría tales actos) viña cobrando polos mesmos servizos, pero máis desaliñadamente prestados, unha cantidade media de 80 pesetas.

Pro personal de TEIMA vai o noso máis sentido agradecemento co desexo venciante de seguir todos adiante con TEIMA.

En nome propio e dos veciños de Camariñas.

Cayetano López
Xerencia da Comunidade de Veciños de Camariñas

* * *

EN VIANA DO BOLO, «OS NEMETANOS»

Señor Director: Dí o «Diccionario Galego - Castelán» de X.L. Franco Grande sobor da verba TEIMA: manía, porfía. A teima, a porfía, a competencia. Colle teima a un, oponerse tajantemente a lo que otro dice, hace o em-

prende. Dar en la teima de, dar en la manía de...

Os galegos de Viana do Bolo (Ourense) deseamos felicitar a esa gabela de homes galegos, asesores, redactores, distribuidores e demáis homes que traballan con vostede, xa que por primeira vez dende a «dictadoira» do 36, alguén ficóu dende unha revista galega, de Galiza e pra Galiza, nesa verba tan nosa que é TEIMA. TEIMA nacéu na lembranza da loita duns homes do pobo que loitan polos dereitos do pobo. TEIMA, revista galega de información xeral xurde con forza mestra no sabere informar do trasego da «política galega»... «Os Nemetanos», Agrupación Cultural recentemente creada en Viana do Bolo, chama á unidade de tódolos galegos pra poñer fin ó asoballamento da cultura da nosa Nación, Galicia. A loita é unha obriga de tódolos que sintan a Galicia non no corpo, senón na ialma.

«Os Nemetanos», na loita por unha Galicia máis ceibe e dona de sí. ¡Viva Breogán!

Agrupación Cultural «Os Nemetanos»
Viana do Bolo (Ourense)

* * *

TIPOGRAFIA E SECCIONS

Benqueridos amigos: Como lector e suscriptor de TEIMA quixera facer algunhas suxerencias. A primeira refrese á tipografía da revista, cuestión máis importante do que moitos poidan pensar, si é que TEIMA vai dirixida tamén ás nosas xentes alonxadas un chisco do costume de ler. Paréceme moi urxente prá revista empregar diferentes tipos de letra, especialmente en artigos de ampla audiencia, facéndoa máis grande; quen tivo pouca escola ou as persoas de edá, hano de agradecer.

En segundo lugar, penso que a sección «A nosa lingua» debe ser máis ampla e bastante máis clara, no aspecto pedagóxico, pensando nos seus destinatarios. Tamén se debera *correxir* na imprenta máis de vagar, eliminando moitos erros tipográficos, acentuando diacríticamente as vocales maiúsculas que é algo moi necesario en galego, etc. Esta sección é das que precisan máis agarimo. Tamén é desesable que a revista vai medrando en páxinas e seccións, ó mesmo tempo que se vai espallando Galicia adiante, do que todos nos felicitamos.


Benito Roberto Fernández
Suscriptor número 1.548

Se quiere seguir tendo

unha **teima** independente,

¡¡suscríbese!!

NOME		
DOMICILIO		
POBOACION		
PROVINCIA	PAIS	
TARIFAS DE SUSCRICION A TEIMA (Semanal)		
	ANUAL	SEMESTRAL
PENINSULA IBERICA	1.872 Ptas.	936 Ptas.
EUROPA:		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	3.120 Ptas.	1.560 Ptas.
RESTO DO MUNDO		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	4.500 Ptas.	2.250 Ptas.
<input type="checkbox"/> TALON ADXUNTO N.º		
XEITO DE PAGO:	<input type="checkbox"/> XIRO POSTAL N.º	DATA
	<input type="checkbox"/> IMPOSTO EN	
	<input type="checkbox"/> CONTRA REEMBOLSO	



BOLETIN DE DOMICILIACION BANCARIA

Nome e apelidos

Sr. Director de


Axencia

SEÑORES:

Agradeceríalles que con c rrego   mi a conta-libreta n.º..... atendan o recibo que anualmente- semestralmente present ralles Sociedade Galega de Publicaci ns, S. A. pr  pago da mi a suscrici n   revista TEIMA.

Atentamente,

NOME		
DOMICILIO		
POBOACION		
PROVINCIA	PAIS	
TARIFAS DE SUSCRICION A TEIMA (Semanal)		
	ANUAL	SEMESTRAL
PENINSULA IBERICA	1.872 Ptas.	936 Ptas.
EUROPA:		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	3.120 Ptas.	1.560 Ptas.
RESTO DO MUNDO		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	4.500 Ptas.	2.250 Ptas.
<input type="checkbox"/> TALON ADXUNTO N.º		
XEITO DE PAGO:	<input type="checkbox"/> XIRO POSTAL N.º	DATA
	<input type="checkbox"/> IMPOSTO EN	
	<input type="checkbox"/> CONTRA REEMBOLSO	



BOLETIN DE DOMICILIACION BANCARIA

Nome e apelidos

Sr. Director de

Axencia

SEÑORES:

Agradecer alles que co  c rrego   mi a conta-libreta n.º..... atendan o recibo que anualmente- semestralmente present ralles Sociedade Galega de Publicaci ns, S. A. pr  pago da mi a suscrici n   revista TEIMA.

Atentamente,

Millóns de nenos condenados a morte. Indúlteos.

Neste intre, a única saída
pra 900 millóns de nenos é morrer.
900 millóns de nenos están condenados
pola fame, as doenzas
e a falla total de cultura.



Na súa man está o indulto.
Unicef sóio conta con diñeiro dos seus socios.
Fágase socio de Unicef.
Nunca terá empregado millor
un pouco de diñeiro.

unicef

Fondo das Nacións Unidas prá Infancia

Apartado 12021
MADRID

Rogo me remitan maior información sobor de Unicef.

Nome

Dirección

Cidade Distrito

Teléfono